

**INFORME SOBRE A ARQUITECTURA INDIANA
EN GALICIA: PROPOSTAS PARA A SÚA DEFINICIÓN
E PROTECCIÓN PATRIMONIAL**



Casa da Tenencia (Ares). Fondo gráfico do Arquivo da Emigración Galega



ÍNDICE

| | |
|---|----|
| INTRODUCCIÓN..... | 5 |
| PARTE I. ARQUITECTURAS DAS MIGRACIÓNS E CASAS INDIANAS: | |
| NOTAS HISTORIOGRÁFICAS | |
| Xosé M. Núñez Seixas e Raúl Soutelo Vázquez..... | 6 |
| I.1. Investigacións sobre construcións e arquitectura indiana na Mariña luguesa..... | 7 |
| I.2. Investigacións sobre construcións e arquitectura indiana na provincia da Coruña..... | 8 |
| I.3. Investigacións sobre construcións e arquitectura indiana nos concellos pontevedreses do Baixo Miño..... | 9 |
| I.4. A importancia das casas indianas como contedor da memoria familiar da emigración: un patrimonio documental que cómpre salvagardar..... | 12 |
| PARTE II. ARQUITECTURA INDIANA E PAISAXE EN GALICIA | |
| Rebeca Blanco-Rotea e Teresa Táboas Veleiro..... | 14 |
| II.1. Reflexións previas..... | 14 |
| II.2. Definición..... | 15 |
| II.3. Ámbito cronolóxico..... | 16 |
| II.4. Tipoloxía..... | 16 |
| II.5. Integridade..... | 16 |
| II.6. Proposta concreta sobre a arquitectura indiana e a súa catalogación..... | 17 |
| II.6.1. Precedentes..... | 17 |
| II.6.2. Problemática..... | 17 |
| II.6.3. A protección do patrimonio indiano na actual Lei do patrimonio cultural de Galicia..... | 19 |
| II.6.4. Proposta..... | 20 |
| II.7. Un camiño para accións futuras..... | 24 |

| | |
|---|----|
| PARTE III. APROXIMACIÓN AO RÉXIME XURÍDICO DE PROTECCIÓN CULTURAL DA ARQUITECTURA DE INDIANOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA María Isabel Novo Castro, Carmen M. Salgueiro Moreira e Santiago Valencia Vila | 26 |
| III.1. Introducción | 26 |
| III.2. Breve referencia ao marco competencial e normativo en materia de cultura | 26 |
| III.3. Análise concreta do réxime xurídico de protección cultural da arquitectura de indianos na Comunidade Autónoma de Galicia | 30 |
| III.3.1. A protección da arquitectura de indianos dende a perspectiva do patrimonio arquitectónico | 30 |
| III.3.2. Posíbel protección da arquitectura de indianos dende a perspectiva do patrimonio etnolóxico | 33 |
| III.4. Conclusións | 39 |
| IV. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS FINAIS | 42 |
| V. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS | 44 |
| VI. ANEXO | 47 |

INTRODUCCIÓN

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre o Consello da Cultura Galega (CCG) e a Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, e por iniciativa de ambas as dúas partes, con especial interese do Arquivo da Emigración Galega (AEG) do CCG, resolveuse crear unha Comisión Técnica Temporal para a elaboración do informe sobre a arquitectura indiana, coa finalidade de deitar luz sobre un fenómeno tan omnipresente e aludido nas ciencias sociais e patrimoniais como pouco coñecido nas súas contornas precisas e manifestacións concretas: o das casas de *indianos* legadas pola emigración de retorno dende as Américas entre finais do século XIX e os anos centrais do século XX, ben como a súa posíbel e recomendábel protección patrimonial. Algunhas voces de alarma xurdidas nos medios de comunicación puñan o acento na falla de catalogación exhaustiva destes elementos arquitectónicos (sobre todo os de carácter residencial privado; non así os de carácter comunitario e colectivo, como as chamadas *escolas de indianos* ou *de americanos*) e na necesidade de establecer uns criterios tipolóxicos que permitisen tanto a súa identificación e clasificación como tamén a súa debida protección xurídica.

Por acordo da Xunta Executiva do Consello da Cultura Galega do 5 de decembro de 2023, a comisión técnica temporal, presidida polo vicepresidente do CCG e director do AEG, Xosé M. Núñez Seixas, reuniu un grupo de expertos procedentes de diversos ámbitos, dende as ciencias do patrimonio e a arquitectura ata a historia contemporánea e os estudos xurídicos do patrimonio cultural. Despois da primeira xuntanza en xaneiro de 2023 decidiuse dividir o traballo en tres partes: unha análise sobre o estado da cuestión histórica e historiográfica da arquitectura indiana (a cargo de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé M. Núñez Seixas); unha análise patrimonial e arquitectónica que delimitase os elementos tipolóxicos mínimos para que se puidese definir un inmóbel como arquitectura indiana (elaborada por Rebeca Blanco-Rotea e Teresa Táboas Veleiro), e un estudo xurídico no que se revisasen as posibilidades normativas e as propostas en materia de protección patrimonial que fosen aplicábeis ao caso concreto da arquitectura indiana de Galicia (a cargo de María Isabel Novo Castro, Carmen M. Salgueiro Moreira e Santiago Valencia Vila). Logo de varias xuntanzas ao longo do ano 2023, presentamos o resultado do noso estudo e as propostas concretas para fixar uns principios recoñecíbeis da arquitectura indiana en Galicia e para mellorar e ampliar a súa protección xurídica.

Santiago de Compostela, decembro de 2023

PARTE I

ARQUITECTURAS DAS MIGRACIÓNS E CASAS INDIANAS: NOTAS

HISTORIOGRÁFICAS

Xosé M. Núñez Seixas e Raúl Soutelo Vázquez

A pegada das construcións promovidas polos retornados da emigración americana, modernas e impactantes pola súa variedade e calidade, no desenvolvemento das arquitecturas locais de Galicia durante a primeira metade do século XX é unha cuestión que subxace nas diversas achegas realizadas dende o ámbito da arquitectura e da historia da arte dende finais do século XX. O tema require unha análise interdisciplinar que comeza, loxicamente, pola consideración do papel específico das migracións de retorno nas dinámicas sociopolíticas, culturais e económicas da Galicia do século XX dentro do contexto peninsular e europeo (Núñez Seixas 1998, 2001, 2013, 2014; Soutelo Vázquez 2012; Soutelo Vázquez / Vázquez Lojo 2017) e continúa pola revisión da literatura historiográfica que, directa ou indirectamente, trata sobre as *casas de indianos*, así como polo debate sobre a propia existencia (ou non) dunha arquitectura indiana individualizábel como tal, dado o carácter ecléctico de influencias americanas e do modernismo europeo da época, o mesmo que acontece coas chamadas *casas de brasileiros* no norte de Portugal (Castro García 2000b: 14; Táboas Veleiro 1999: 23 e ss.).

De feito, son varios os expertos en arquitectura que apuntan que non se rexistrou unha cultura arquitectónica importada unicamente de América, senón que as modas edificadoras incorporaron correntes europeas da época con resultados específicos e eclécticos, ben estudados nos concellos da península de Bezoucos (Castro García 2000b: 14) ou no Baixo Miño (Iglesias Veiga 2013a: 13-14). A maiores, cómpre salientar que, ademais das construcións civís para uso familiar ou colectivo, a pegada do diñeiro de América e o influxo dos emigrantes está presente en múltiples formas como espazos ou elementos funcionais e ornamentais engadidos ás casas labregas tradicionais, que adoito eran melloradas grazas aos recursos achegados polos membros do grupo familiar ausentes en América ou retornados após uns anos de emigración (Núñez Seixas 1998: 358-360).

Plácido Lizancos foi un dos primeiros en interesarse pola pegada americana na construción de vivendas e doutras formas de arquitectura civil na Galicia contemporánea. Nun relatorio de marzo de 1999 apuntaba xa unha serie de cuestións que se desenvolveron nos anos seguintes: os edificios escolares, as vivendas residenciais con características e tipos específicos (as *quintas*) ou a participación dos retornados da emigración no desenvolvemento das cidades e vilas galegas (Lizancos Mora 2000). Posteriormente, no capítulo dedicado á emigración a América do libro *Migracións, sociedade e arquitectura: o caso galego* (2003), Lizancos describiu algunhas

características básicas das *arquitecturas do indiano* e das promovidas polas sociedades de emigrantes nas súas freguesías e concellos de orixe. Describiu así mesmo os elementos desas novas linguaxes, marcadas polo diálogo entre os promotores retornados de América con remesas materiais e inmateriais —coñecementos, ideas e exemplos traídos dende alá (cf. Núñez Seixas 1998)— e os arquitectos que traballaban nas cidades galegas.

O propio Lizancos, xunto cos arquitectos Ana Sogo e Xosé Lois Martínez, realizou entre 1988 e 1992 un censo de edificios públicos promovidos polos emigrantes en Galicia, no que se enumeraron un total de 340 edificacións, das cales 200 eran escolas¹. Comprobaron que a autoría da meirande parte desas construcións corresponde a mestres de obra locais, pois só constataron a intervención de arquitectos en seis casos. Como era de agardar, os mestres de obra afastábanse da inspiración exclusiva en arquitecturas urbanas americanas que sobrancea nos demais. O resultado foi unha relativa escaseza de exemplos de «arquitectura culta», con proxectos asinados por arquitectos da Coruña, Vigo ou Ferrol, pois moitos deles eran dirixidos polos promotores das vivendas, que copiaban exemplos vistos en América ou en revistas coetáneas (Castro García 2000a: 65; Iglesias Veiga 2013a: 16).

Aqueles migrantes que retornaban ao medio rural arrequecidos, ou cando menos cunha mellora notábel da súa posición social, construían un tipo de vivenda nova (a quinta indiana), adoito sobredimensionada, con materiais novos (dende azulexos e madeiras exóticas ata carpintarías de ferro colado), comodidades modernas e vistosos xardíns que habían facer salientar eses edificios singulares sobre as máis funcionais e austeras casas labregas da contorna (Lizancos Mora 2003: 70). Unha revisión da bibliografía existente fornece de exemplos tipoloxicamente variados desas quintas indianas tanto na Mariña cantábrica como na península de Bezoucos, na contorna de Vigo e, nomeadamente, no sur de Pontevedra, cunha importante concentración nas vilas e concellos de Ponte Caldelas, Ribadeo e A Guarda, onde constitúen sectores singulares (Castro García 2000b: 15 e ss., Lizancos Mora 2003: 70). Fagamos unha rápida viaxe por esas bisbarras da Galicia occidental.

I.1. Investigacións sobre construcións e arquitectura indiana na Mariña luguesa

As pescudas de Óscar Castro García achegan varios exemplos de interesantes construcións e proxectos de arquitectura doméstica indiana na Mariña luguesa. Tratábase dunha bisbarra de forte intensidade migratoria, en especial cara a Cuba (aínda que tamén cara ao Río da Prata), cun fluxo encadeado e unhas considerábeis taxas de retorno durante varias xeracións.

¹ Este proxecto, polo de agora inédito, foi financiado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia (Lizancos 2003: 61).

Táboa 1. Exemplos relevantes de arquitectura residencial indiana na Mariña lucense

| Freguesía e concello | Promotor e destino migr. | Construción | Estilo e características |
|----------------------|-----------------------------|--|---|
| Magazos (Viveiro) | José Pernas: Cuba | Vila encargada ao arquitecto Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón | Ecléctico: arquitectura rexionalista de tipo montañés Rematada en 1927 |
| Covas (Viveiro) | José Ramón Pernas: Cuba | Casa encargada a Antonio López Vizoso en 1897 | Arquitectura híbrida pseudoeclectica |
| A Devesa (Barreiros) | Ramón Maseda Villamil: Cuba | Regresa en 1918 cunha foto de casa en Cuba | Neoclásico decadente, exemplo de <i>arquitectura híbrida de ida e volta</i> |
| Barallobre (Fene) | Antonio Fernández: Cuba | Chalé de Adriano / casa da maleta, comezada en 1900 e rematada en 1921 | |

Fonte: elaboración propia a partir de Castro García 2000a: 66 e ss.

Polas súas características arquitectónicas, o palacete denominado *torre* dos irmáns Moreno en Ribadeo é un exemplo singular de edificación indiana e de introdución do vangardismo estilístico que rachaba coas paisaxes construídas nos espazos urbanos galegos do tempo. Financiaron a construción os irmáns Pedro María e Juan Moreno Ulloa, que fixeran fortuna na Arxentina e favoreceron a súa vila natal con doazóns de terras e importantes cantidades de diñeiro, nomeadamente 150 000 pesetas para a construción dun instituto en Ribadeo. Diseñárono en 1915 o arquitecto Julián García Núñez, de orixe asturiana e tamén residente na Arxentina, e o enxeñeiro Ángel Ardem, con importantes innovacións tecnolóxicas, pois foi a primeira vivenda construída con formigón armado nesa vila, ben como a única que dispuña de ascensor naquela altura (Lizancos Mora 2003: 73-74; Rodríguez Paz 2010).

I.2. Investigacións sobre construcións e arquitectura indiana na provincia da Coruña

A obra colectiva coordinada por Anatol e Ardá sobre a *arquitectura da emigración* nos concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos é o mellor referente para a península de Bezoucos, que foi, tamén, unha bisbarra de forte intensidade migratoria (Máiz Vázquez 2001). Os autores describen as características da vivenda indiana e as súas tipoloxías na península de Bezoucos, cun amplo catálogo de exemplos analizados coa correspondente

ficha e foto (Anatol / Ardá 2000: 40-41 e ss.). Óscar Castro achega, pola súa banda, unha listaxe de edificios públicos e vivendas desa tipoloxía nos concellos de Ares, Cabanas, Fene e Mugardos, ademais de exemplos relevantes de casas indianas noutras bisbarras da provincia coruñesa, como a casa de Jesús Blanco Rojo na freguesía de Santa Minia (Brión) ou a de Benigno Mayán en Cee (Castro García 2000b: 16, 19). Consideramos, por iso, que esta obra constitúe un referente para que persoas expertas en arquitectura e historia da arte establezan unha tipoloxía definitiva das vivendas de influencia americana en Galicia, comparando tamén as súas características coas das *casas indianas* en Asturias e as *casas de brasileiros* no norte de Portugal.

Entre as pescudas sobre casas de indianos na contorna de Betanzos salienta sen dúbida, polo seu rigor e a calidade da documentación que manexou, a realizada por Alberto Eiras Morandeira (2007) sobre a desaparecida casa de dona Águeda ou Villa María Águeda, para a que utilizou o expediente de obras conservado no arquivo municipal². A súa construción comezou en 1911 financiada por Eduardo González García, un coruñés emigrado na Arxentina, para a súa dona e curmá, Águeda García³. Esta casa, deseñada polo arquitecto coruñés Juan de Ciórraga, dispuña dun magnífico xardín de estilo francés que incorporou os bustos marmóreos do Parque do Pasatempo de Betanzos, e conservouse ata desaparecer vítima do *desenvolventismo* dos anos setenta (Erias 2007).

I.3. Investigacións sobre construcións e arquitectura indiana nos concellos pontevedreses do Baixo Miño

As construcións financiadas por emigrados e retornados a estes concellos foron estudadas por Fidalgo Casares (2009) e, sobre todo, por Villa Álvarez e Iglesias Veiga en sucesivas publicacións, ás cales nos referiremos neste apartado.

A arquitectura indiana dos concellos da Guarda e O Rosal está cumpridamente descrita en *Casas de indianos. Pontevedra*, obra de referencia concibida como catálogo das diversas tipoloxías de arquitectura residencial (Bores Gamundi 2009). O autor ofrece un catálogo coas 66 fichas das casas indianas inventariadas nos concellos da Lama, Ponte Caldelas, Fornelos, Pazos de Borbén, Tomiño, O Rosal e A Guarda. As devanditas fichas constitúen un material de referencia para realizar unha análise sistemática dos elementos construtivos e das tipoloxías desas vivendas. Salientan as innovacións deste tipo de vivendas que introducen en Galicia a arquitectura modernista, con luminosidade nas estancias, melloras hixiénico-sanitarias e un diálogo coa paisaxe a través de espazos de xardín con roseiras, hortensias e camelias arrodeadas de fragas e soutos nas aldeas

² Conservado na caixa 604 do Arquivo Municipal de Betanzos.

³ Águeda era filla de Juan María García Naveira e de María Iribarne Lascort. O seu home, Eduardo, era fillo dunha irmá dos sonados filántropos betanceiros.

galegas de hai cen anos. Porén, varios autores indican que esa nova cultura arquitectónica non se importou só de América, senón que as modas edificadoras incorporaron correntes europeas da época (historicismo, eclecticismo, modernismo, *art déco* etc.), con resultados específicos ben documentados en varios concellos do sur de Pontevedra.

Semella, doutra banda, que as vivendas brasileiras —isto é, as levantadas polos migrantes retornados do Brasil, en boa parte procedentes da rexión de Bahia— son as máis distanciadas dos estilos imperantes nas arquitecturas españolas da época. Iso débese ao exotismo e novidades que presentan, con exemplos rupturistas como a casa de Rodríguez Vieitez en Ponte Caldelas e outros máis eclécticos como a casa dos Troncoso en Goián, Tomiño (Fidalgo Casares 2009: 24 e ss.).

Os migrantes naturais da Guarda (Baixo Miño), protagonistas dunha singular cadea migratoria que os levou á illa de Porto Rico, deixaron fondas pegadas aquén mar. Os que retornaron, e que desenvolveron as súas vidas de a cabalo do Atlántico, tiveron un notábel influxo na evolución sociopolítica e económica do seu concello de orixe. As paisaxes culturais da Guarda conservan importantes exemplos de vivendas, varias delas construídas polos exitosos irmáns Alonso, os *Ganchelos*, e outros moitos emigrantes enriquecidos na Vega Baja portorriqueña. O documentado estudo de Villa (2009) describe polo miúdo esas construcións nas diferentes freguesías da Guarda. O uso da pedra como principal elemento construtivo, xunto coa introdución de vidreiras, foi común nas vivendas indianas na vila e na contorna rural, cuxas paisaxes mudaron e acadaron un aire de modernidade grazas á ardencia edificadora deses guardeses de América (Villa Álvarez 2009: 34 e ss.). Debemos ao mesmo autor outra análise máis recente da arquitectura desa vila, na que salienta a importancia do legado construído polos emigrados en Porto Rico, nomeadamente no barrio de Ribadavila (sector C), que contaba, non por acaso, cunha rúa Puerto Rico nos anos vinte do século pasado (Villa Álvarez 2017a: 26-27). Este mesmo autor elaborou, ademais, un catálogo de 66 casas indianas do concello guardés que constitúe a mellor referencia para estudarmos as características e tipoloxías da arquitectura residencial de influencia americana nun ámbito concreto (Villa Álvarez 2017b). Cada ficha contén o nome da vivenda, a localización, a data de construción, o promotor, o estilo arquitectónico (autóctono, autóctono urbano, autóctono con trazos eclécticos coloniais, ecléctico, ecléctico urbano, ecléctico de aire señorial, ecléctico de aire señorial urbano, ecléctico con influencias rexionalistas, rexionalista), o número de plantas e o número de fachadas, ademais dunha descrición detallada de cada predio.

O concello do Porriño conta igualmente con algúns estudos relevantes sobre arquitectura indiana debidos á pluma de Iglesias Veiga, quen salienta o carácter ecléctico desas construcións, cuxos promotores compartían os gustos modernistas da burguesía vilega e urbana da época. O resultado foron edificios como La Jerezana ou

Villa Angelita (Iglesias Veiga 2001: 13-14). Este autor, emporiso, rexeita o uso do termo «arquitectura indiana», na liña defendida por Álvarez Quintana, para se referir ás edificacións promovidas polos retornados da emigración. Na súa opinión, adoptáronse nelas estilos novos, do mesmo xeito que facía a burguesía autóctona, o que deu lugar a resultados eclécticos de múltiples influencias (Iglesias Veiga 2013a: 75). Tamén salienta a importancia da arquitectura funeraria en Redondela e describe as características das grandes *quintas indianas* promovidas polos *brasileiros* acomodados nese concello da contorna de Vigo⁴. Os exemplos máis salientados son:

- Quinta das Torres de Agrelo, que mercou Concepto López Lorenzo á familia do xeneral Robín Noroña. López Lorenzo é un bo exemplo da presenza de indianos adiñeirados que procuran integrarse na elite económica e social do emerxente Vigo de entreséculos, pois promoveu o tranvía urbano na cidade, ben como o proxecto da illa de Toralla xunto con Manuel Losada Carrera e Fernando Quiñones de León (Iglesias Veiga 2013a: 87-88).
- Vila Elisa, construída polo porriñés Avelino Giráldez Pazo, quen fixera cartos como emigrante en Córdoba (A Arxentina) e retornara a Redondela en 1902. As fotos de exteriores que ilustran as características estilísticas desas vivendas complementan a descrición da historia vital dos promotores que ofrece Iglesias Veiga (2013a: 98 e ss.).
- Quinta suburbana construída por Antonio Sotelino na Teixeira, en Tuimil (O Viso, Redondela). O promotor enriqueceuse en Río de Xaneiro, colaborou co agrarismo local anterior á década de 1930, casou xa de vello e construíu esa vivenda para a súa familia.
- Villa Rita ou casa de Ramón Bula Álvarez en Reboreda, rematada en 1923 por este retornado da emigración que mantiña negocios na Arxentina (Iglesias Veiga 2013b: 107).
- Villa Honorata, construída en Gaxate (A Lama) por José M. Trigo González (1888-1949) para a súa dona, Honorata Menlle Pena (1898-1992). José María Trigo emigrou a Portugal, onde traballou no Hotel Universo/Lisboa do seu tío Manuel González, o que acabou herdando cando aquel volveu para Gaxate. Promoveu unha quinta arrodada dun espléndido terreo con cultivos agrícolas en bancais, que conforman pola súa vez unha coidada paisaxe cultural ben descrita por Rodríguez Dacal e Rodríguez García-Garabal (2012). As autoras defínenas como unha modélica casa indiana, polo feito de integrar as características innovadoras típicas desas arquitecturas do cambio de século co coidado da contorna inmediata, convertida en xardín de magnolias e camelias, sen faltaren as habituais palmeiras e as distinguidas araucarias. Rodríguez Dacal e Rodríguez García-Garabal salientan, ademais, a existencia dun arquivo da

⁴ A emigración dos redondeláns concentrouse, en parte, no Brasil, como demostraron Erica Sarmiento e Ana Gesteira Ponce nun traballo dispoñíbel en liña (<http://arquivoconcelloredondela.blogspot.com/2014/09/dende-cesantesa-brasil.html>, consultado o 10 de marzo de 2023).

familia Trigo Menlle con variada documentación, que inclúe álbums de fotos da quinta e da contorna, así como a boa disposición de Jaime Trigo Menlle, dono actual de Villa Honorata, e da súa sobriña Patricia Trigo Díaz para colaborar en proxectos de posta en valor do patrimonio da emigración.

Finalmente, debemos prestar unha atención especial á participación de migrantes retornados de certa posición social na construción ou modernización de varias cidades galegas, cando menos casos tan salientábeis coma o de José Manuel García Barbón en Verín —coa construción do balneario de Cabreiroá e a inauguración dunha liña de autobuses con Vigo— e na cidade olívica, onde promoveu a construción de vivendas no ensanche urbano, ademais do caso de Manuel Losada Carrera en Gondomar e Vigo, e mais o do urbanista Manuel Lemos, quen comezou a construír os chalés da cidade balnearia na praia América de Lourido (Nigrán). Dispomos, por ventura, do documentado estudo de Iglesias Veiga sobre a pegada dos retornados de América no desenvolvemento industrial e arquitectónico de Vigo e da súa contorna. Nun apartado dedicado aos edificios singulares describe as características dunha serie de *casas indianas* que xa son emblemáticas da paisaxe urbana de Vigo —por exemplo, as casas de Fernando Carreras, García Barbón e Núñez Berdiales— e achega fotos de época e actuais (Iglesias Veiga 2013a: 104 e ss.). Nesa mesma monografía achéganse exemplos relevantes de *arquitectura doméstica de promoción indiana* na contorna de Vigo, como a quinta La Pereira, de Manuel Costas Rial, en San Pedro da Ramallosa; as xa amentadas torres de Agrelo; Villa Angelita; Villa Elisa en Redondela, ou Villa Sudamérica en Gondomar (Iglesias Veiga 2013a: 193 e ss.). Neste último concello salientan ademais as casas de Joaquín Piedra González, e Villa Brasil de Dominga Iglesias e Fernando Pérez (Iglesias Veiga 2013a: 209 e ss.). Están documentados, ademais, outros edificios salientábeis no concello de Nigrán, polo que contamos con outra obra de referencia para establecer as características comúns e as variadas tipoloxías desta arquitectura de influencia americana en Galicia.

I.4. A importancia das casas indianas como contedor da memoria familiar da emigración: un patrimonio documental que cómpre salvagardar

As quintas e casonas construídas polos retornados das migracións ás Américas conservan mobiliario, louzas, gramófonos, discos e outros bens materiais que reflicten a modernidade e as arelas de distinción social das familias que as gozaron ata mediados do século pasado.

Moitas desas casas que foron noutrora a morada dos fahendosos *habaneros*, *ches* e *brasileiros* que volveron cunha posición máis ou menos acomodada tamén conservan baúis e gabetas que adoitan gardar planos desas construcións, revistas ilustradas coetáneas, fotos familiares, correspondencia persoal e comercial deses indianos e

mesmo libriños de peto con apuntamentos biográficos da súa experiencia migratoria, dos proxectos que desenvolveron alá e dos que traían ao seu retorno a Galicia. Esta documentación persoal constitúe unha memoria familiar da emigración cuxa análise sistemática contribuíu ao avance no coñecemento das dimensións microsociais da diáspora americana dende Galicia (Núñez Seixas 2005, 2017). A combinación de diversas causas para a saída e escolla dun destino determinado en función da información e da axuda que facilitaran as redes de familiares e veciños, mais tamén das características dos proxectos migratorios dos que emigraron en situacións familiares que incentivaban a expulsión dos homes novos das casas, apareceron nos epistolarios familiares analizados ata o presente (Soutelo Vázquez 2001; Núñez Seixas / Soutelo Vázquez 2005). Deitaron luz, tamén, sobre os procesos de inserción laboral e residencial dos migrantes acabados de chegar nas sociedades receptoras, das cantidades que remitiron aos familiares e o destino que lles deron, da súa integración no asociacionismo migrante e da interacción entre esas sociedades e as iniciativas sociopolíticas desenvolvidas en Galicia a diversos niveis entre 1900 e 1960.

Reproducir dixitalmente esa documentación reviste un incuestionábel interese para conservar a memoria social dos sucesivos fluxos migratorios ás Américas, mais tamén para progresar no coñecemento rigoroso dos seus aspectos cualitativos que non podemos esculcar a través da documentación dispoñíbel en arquivos públicos. O Arquivo da Emigración Galega, integrado no Consello da Cultura Galega, é, abofé, o organismo acaído para o levar a cabo, por dispor de medios técnicos, asesores académicos e experiencia acreditada dende hai tres décadas.



Foto de época de Villa Honorata, coa casa e mais o predio cos cultivos agrícolas en bancais. Fonte: Patricia Trigo Díaz

PARTE II

ARQUITECTURA INDIANA E PAISAXE EN GALICIA

Rebeca Blanco-Rotea e Teresa Táboas Veleiro



© Teresa Táboas

II.1. Reflexións previas

Logo da primeira xuntanza da Comisión técnica temporal para a elaboración do Informe sobre arquitectura indiana, realizada o día 26 de xaneiro de 2023, acordouse que os tres grupos de traballo establecidos nela (sobre historia e patrimonio da emigración; ámbito xurídico, e arquitectura e paisaxe) desenvolvesen un primeiro borrador que servise como ferramenta de traballo para a elaboración do dito informe.

Nese contexto, dende o grupo de traballo centrado na arquitectura e paisaxe cultural indianas en Galicia desenvolvemos unha reflexión previa verbo de todo o proceso de traballo. A intención desta reflexión era determinar o alcance, o enfoque e as liñas básicas do estudo para cumprir os obxectivos da elaboración do informe final, así como

sistematizar as ideas que se coutaron na xuntanza do 26 de xaneiro para traballar sobre elas nas seguintes xuntanzas e na propia elaboración do informe.

II.2. Definición

Un dos aspectos no que os membros da comisión estaban de acordo era entender que a arquitectura indiana é aquela arquitectura —empregando un concepto amplo— construída por migrantes galegos retornados das Américas no seu lugar de orixe, Galicia (este informe límitase inicialmente á arquitectura construída por galegos en territorio galego, malia que o termo é extensíbel a Asturias, Cantabria e o norte de Portugal, e mesmo pode chegar ata o País Vasco), na que se emprega unha linguaxe arquitectónica (formas, estruturas, organización espacial e decoracións) propia do lugar ou lugares en que os migrantes residiran e, eventualmente, fixeran fortuna. Outra característica específica desta arquitectura é a hibridación desa linguaxe coa propia do lugar de orixe, neste caso Galicia, quer cunha arquitectura máis «popular», quer con outra máis «cultura», ben de carácter rural, ben de carácter urbano. Deste xeito, xerouse un modelo arquitectónico específico caracterizado pola hibridación entre a arquitectura americana e a arquitectura galega.

Ambos os dous aspectos determinan que non se poida concibir a arquitectura indiana como un estilo claro e ben definido, senón que presenta unha multiplicidade de estilos e linguaxes que van depender: 1) das propias características da arquitectura do lugar do que se están importando os modelos (Porto Rico, O Brasil, A Arxentina, Cuba...); 2) da heteroxeneidade da arquitectura galega, que presenta claras diferenzas entre a costa e o interior, mais tamén entre as diversas bisbarras e provincias e entre os espazos rurais e urbanos; 3) do momento histórico no que se produce esa importación, no que tamén conviven diversos estilos arquitectónicos, como o modernismo, o funcionalismo ou o eclecticismo, este último xa en si mesmo unha mestura de estilos. Todos eses aspectos sitúannos perante unha grande complexidade que impide falar dunhas características concretas. Iso leva a que a propia definición da arquitectura indiana teña de ser moi líquida.

Por todo iso, como primeira proposta resultante daquelas reflexións, coutamos a definición de arquitectura indiana en Galicia a «aquela promovida por migrantes retornados das Américas, cun estilo orgánico que xorde da hibridación entre a arquitectura de orixe (Galicia) e a de destino (América), e que se fai en territorio galego». Esta definición recolle o concepto de «emigración circular», de ida e volta, que xera un intercambio cultural que se materializa en manifestacións como a propia arquitectura indiana.

II.3. Ámbito cronolóxico

Considerouse tamén naquela primeira xuntanza a importancia de coutar o ámbito cronolóxico, que entendiamos que debía vir marcado polo grupo de traballo centrado na historia e na emigración. Na primeira xuntanza decidiuse que o informe habería concentrarse na arquitectura realizada entre finais do século XIX e a década de 1940. Nas seguintes xuntanzas este período foi ampliado, como veremos.

II.4. Tipoloxía

Outro aspecto importante era decidir que tipo de arquitectura debería ser obxecto deste informe: se considerarmos unicamente a arquitectura residencial ou se incluírmos outros tipos. Ao noso entender, o informe debería abranguer unha proposta bastante ampla, ao ter como obxecto a protección das creacións indianas, xa que, de centrármolos unicamente na arquitectura residencial, ficarían fóra construcións como as escolas, o Parque do Pasatempo en Betanzos, hospitais e asilos ou calquera outro tipo de arquitectura civil.

Polo tanto, englobaría a arquitectura residencial, mais tamén aquela realizada con fins educativos, sociais, sanitarios, lúdicos, industriais, urbanísticos e paisaxísticos, de xeito que non se centraría tanto en tipos arquitectónicos concretos, co fin de non deixar fóra elementos que puidesen ser relevantes. Suxeriuse tamén que cumpriría incluír o urbanismo e abranguer casos como o Novo Covelo, que atenden á importación dun concepto de ordenamento espacial urbano propiamente americano, no que desempeñou un papel sobranceiro todo o relativo ao saneamento, ao espazo viario e mais ao alumamento, que foron claves no desenvolvemento urbano e na mellora das condicións de vida da Galicia da época.

II.5. Integridade

Finalmente, consideramos que deberíamos tomar unha decisión sobre aqueles outros modelos en cuxa arquitectura apenas se inclúen partes que poden provir dunha importación indiana, polo que non supoñen un exemplo completo, como pode ser unha casa cunha escada diante, seguindo o modelo americano. Neste caso, cremos que cumpriría analizar cada caso en concreto, tendo en conta o criterio de establecer cal é o papel que o elemento importado desempeña na arquitectura analizada; é dicir, se pesa fundamentalmente a arquitectura de chegada ou a importada, de xeito que no estilo final en que se elabora a peza a linguaxe imposta sexa a da hibridación e nela sexa perceptíbel a pegada indiana. Cada exemplo deberá contar coas características que finalmente se definan neste informe para considerarse arquitectura indiana, ou unha parte significativa delas.

Nese sentido, os elementos móbeis e aqueles inmóbeis que están vencellados a esta arquitectura deberían seguir un criterio semellante para a súa protección, tendo en conta o papel que estes desempeñan no modelo final de arquitectura indiana levantada.

Incorporariamos dentro destes elementos os xardíns como parte das arquitecturas, incluídas as especies botánicas importadas das Américas, ao concibirmos a arquitectura non só como estrutura e espazo interno, senón tamén como elemento aparelado a aquilo que se localiza dentro do espazo delimitado da propiedade e que leva unha ordenación paisaxística propia nada deste modelo de arquitectura.

II.6. Proposta concreta sobre a arquitectura indiana e a súa catalogación

Após as sucesivas xuntanzas mantidas dentro do grupo sobre arquitectura e paisaxe da Comisión técnica temporal para a elaboración do Informe sobre arquitectura indiana, acordouse concretar a seguinte proposta para a súa discusión cos restantes grupos e mais a súa inclusión no informe.

II.6.1. Precedentes

Concretouse como obxectivo do informe o feito de que, para realizar unha proposta que permita aumentar a protección das manifestacións que perduran da arquitectura indiana e, en xeral, do fenómeno indiano en Galicia, cómpre establecer os criterios para definir esta arquitectura, o seu ámbito xeográfico de desenvolvemento e a súa cronoloxía; é dicir, poder tipoloxizala para a protexer. Consideramos que este é, precisamente, o principal problema da elaboración do informe.

Os aspectos consensuados nas reunións anteriores poderían resumirse en tres:

- A arquitectura indiana galega é aquela promovida por migrantes galegos retornados das Américas cun estilo orgánico que xorde da hibridación entre a arquitectura do lugar de orixe e retorno desa migración (Galicia) e mais a arquitectura de destino (América) dos migrantes.
- No ámbito cronolóxico, coutamos un período entre 1850 e 1950.
- Abrangue a arquitectura residencial e tamén aquela outra con fins educativos, sociais, sanitarios, lúdicos, industriais, urbanísticos e paisaxísticos.

II.6.2. Problemática

Tanto na análise efectuada polo grupo sobre arquitectura e paisaxe como do que se tira da lectura da parte histórica deste informe (a cargo de X. M. Núñez Seixas e Raúl Soutelo Vázquez), ben como da bibliografía consultada, detéctase que un dos principais

problemas existentes á hora de caracterizarmos e definirmos tipoloxicamente a arquitectura indiana galega é a súa enorme diversidade, heteroxeneidade de estilo e hibridación. Só nas fichas do concello da Guarda que foron elaboradas por Villa Álvarez (2017), no apartado de estilo recollido no catálogo de fichas refírense os seguintes: autóctono, autóctono urbano, autóctono con trazos eclécticos coloniais, ecléctico, ecléctico urbano, ecléctico de aire señorial, ecléctico de aire señorial urbano, ecléctico con influencias rexionalistas e rexionalista.

Tendo en conta que para a súa protección cómpre homoxeneizar esa caracterización e coutar o que se entende por arquitectura indiana, esa multiplicidade de estilos resulta un primeiro hándicap para acadar a finalización da tarefa encomendada á comisión.

Outro aspecto que cómpre ter en conta e que tamén incide na propia definición de *arquitectura indiana* é que, en realidade, a arquitectura que se estaba a desenvolver nas Américas, e que despois se tomou como modelo nos lugares de orixe dos migrantes retornados, xa era no Novo Continente unha arquitectura en que se hibridaban as formas que se levaran previamente dende Europa e que contiña pola súa vez préstamos doutros continentes e culturas, dende os remates de madeira dos tellados importados de Alemaña ou Suíza ata os azulexos da arquitectura andalusí de España. De feito, no estudo histórico de Núñez e Soutelo indícase que «varios autores indican que esa nova cultura arquitectónica non se importou só de América, senón que as modas edificadoras incorporaron correntes europeas da época (historicismo, eclecticismo, modernismo, art déco etc.), con resultados específicos ben documentados en varios concellos do sur de Pontevedra».

Por tanto, a arquitectura indiana presenta unhas complexas características que resultan da hibridación de diversos estilos, e nela mestúrase tradición e modernidade. Iso fai moi difícil establecer un estilo único que nos permita caracterizala como tal. No entanto, este aspecto é necesario para protexela. Este feito corresponde ao concepto antes amentado de *emigración circular* (ou de retorno) e —velaí o paradoxo— é o que precisamente caracteriza a singularidade deste patrimonio.

Ademais, achámonos non só perante unha mera importación de arquitecturas ou de estilos arquitectónicos, senón tamén perante un movemento de ampla escala que rematou por mudar todas as estruturas económicas, sociais, educativas e culturais nos lugares de retorno dos migrantes. Daquela, a pegada, a presenza, non só se reflicte na arquitectura, senón tamén nunha hibridación de amplo alcance que atinxe os ámbitos social, político, cultural e educativo. Esta idea está na base da proposta que aquí trasladamos. Como se sinala na parte histórica deste informe e foi abordado por diversos autores, as migracións de retorno supuxeron para amplas zonas de Europa fondas transformacións socioeconómicas e culturais, así como unha ampliación de horizontes de comunicación social que inseriron novas dinámicas modernizadoras. No caso da emigración galega, as taxas de retorno ata mediados do século XX foron moi

elevadas, o que conferiu aos transvasamentos de poboación un acusado carácter circular que favoreceu a hibridación de ideas e estilos. As vivendas de *americanos*, *indianos* ou *brasileiros* constitúen, dese xeito, unha imaxe icónica desas transformacións, polo grande impacto visual da súa estética no territorio, que serve para marcar unha auténtica paisaxe cultural da emigración.

II.6.3. A protección do patrimonio indiano na actual Lei do patrimonio cultural de Galicia

Como se sinala no estudo xurídico incluído neste informe, a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (en diante LPCG), contén unha referencia expresa á arquitectura indiana na letra e) do seu artigo 88.1, relativo ao contido do patrimonio arquitectónico. Refírese especificamente a:

Os edificios relevantes da arquitectura ecléctica, modernista, racionalista, do movemento moderno ou característico da complexa sucesión de movementos e tendencias arquitectónicas que percorren o período das primeiras vangardas e o movemento moderno durante o século XX ata 1965, incluída a arquitectura de indianos. Para a consideración do seu valor cultural, os inmobles deben evidenciar, total ou parcialmente, os principios recoñecibles do seu estilo arquitectónico de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa.

O artigo recoñece entón, para a súa protección, os edificios relevantes de arquitectura de indianos que conteñan principios recoñecíbeis do seu estilo arquitectónico. Porén, non especifica cales son para o caso desta arquitectura. En concreto, segundo a interpretación trasladada no estudo xurídico, o precepto «recolle unha presunción legal de concorrencia dun “significativo valor arquitectónico” dos “edificios relevantes” da arquitectura de indianos e engade que, para a consideración do seu valor cultural, cómpre que se trate de inmóbeis que evidencien, total ou parcialmente, os principios recoñecíbeis do estilo arquitectónico da arquitectura de indianos “de forma relevante”». Tamén se indica no estudo xurídico que esta presunción legal ten varias implicacións que os grupos de traballo sobre historia e patrimonio da emigración e sobre arquitectura e paisaxe debemos ter en conta neste informe, para poder darlles resposta. Serían, resumidamente, dúas: a delimitación, dende un punto de vista técnico, dos principios recoñecíbeis do estilo arquitectónico da arquitectura de indianos e a identificación daquelas manifestacións inmóbeis do fenómeno indiano que reúnan os elementos previstos no precepto. A partir deste punto poderían declararse como bens de interese cultural ou incluírse no catálogo, segundo a argumentación exposta no estudo xurídico.

II.6.4. Proposta

Tomando en consideración as argumentacións e aspectos recollidos nos apartados anteriores deste estudo, dende o grupo sobre arquitectura e paisaxe —que, pola súa vez, recolle a idea para a protección da arquitectura indiana desenvolvida no estudo realizado polo grupo de traballo sobre o ámbito xurídico— estimamos que, dunha banda, cómpre definir da forma máis concreta posíbel cales son as características que materializan a arquitectura indiana ou os «principios recoñecibles» que indica a letra e) do artigo 88.1 da LPCG para poder catalogar e protexer as manifestacións que perduran da arquitectura indiana como «bens que integran o patrimonio arquitectónico». Doutra banda, ademais da protección anterior, sumámonos á proposta para recoñecer as manifestacións singulares desa arquitectura indiana ou doutro tipo de manifestacións —como o patrimonio móbel, documental ou paisaxístico— que perduran do fenómeno indiano como *patrimonio etnolóxico*. Desta maneira, preténdese reforzar a protección das representacións materiais dun fenómeno —no que cobra especial relevancia a arquitectura— que, pola súa diversidade, é moi difícil de definir, mais que malia iso está perfectamente presente no imaxinario colectivo como símbolo das migracións galegas a América, e nomeadamente das migracións de retorno, a través destas representacións materiais. Porén, consideramos que é importante insistir na protección non só das manifestacións desta arquitectura indiana como *patrimonio inmovible*, senón tamén das manifestacións desta mesma arquitectura e doutras manifestacións do fenómeno indiano como *patrimonio etnolóxico*, porque forman parte da identidade cultural da Galicia contemporánea.

Por todo o devandito, estimamos que a proposta debe estar conceptualmente ben definida, ademais de ser ambiciosa. Segundo a argumentación proposta no parágrafo anterior, foi preciso, en primeiro lugar, levar a cabo unha análise formal das materialidades conservadas para identificar cales son os *principios recoñecibles* identificábeis naqueles inmóbeis conservados que son representativos da arquitectura indiana como patrimonio arquitectónico e que supoñen un préstamo de América para Galicia. Logo desta análise, as características comúns ou *principios recoñecibles* identificados que deben presentar as manifestacións arquitectónicas conservadas do fenómeno indiano son as seguintes:

- *A hibridación da pedra, como material estrutural de uso común na construción en Galicia, con elementos que fornecían cor, nomeadamente pintura, mosaico ou azulexo, na liña do modernismo importado de Europa polas burguesías e camadas medias americanas, movemento do período de entreséculos que se caracterizou por unha grande inclinación e devoción pola ornamentación, cun marcado e forte carácter decorativo. Secasí, a fusión coa estrutura pétreo tradicional galega, coa sofisticación e o refinamento no uso do vidro, a cerámica ou o ferro, xerou un deseño integral da edificación de alto interese estético. As*

construcións indianas conciliaron dun xeito maxistral os novos materiais coa función construtiva tradicional da arquitectura popular realizada en pedra.

- *A incorporación de elementos de saneamento e hixiene importados de América como símbolo de modernidade.* Sen lugar a dúbidas, nas vivendas dos americanos e indianos son os cuartos de baño os que mudan substancialmente o espazo interior, revestidos de azulexos ou mármore, con pezas sanitarias tanto en ferro esmaltado como galvanizadas e conectadas a unha rede hidrosanitaria.
- *A hibridación de estilos, que integra elementos propios importados de América con elementos característicos da arquitectura galega.* En moitas ocasións estes estilos importados non chegan a impregnar a totalidade do edificio e fican reducidos ao exterior, ás fachadas, nunha escaleira de liñas onduladas ou nunha columnata. Isto provoca ao longo de todo o territorio galaico algunhas combinacións moi imaxinativas, mesturas de elementos do estilo *art nouveau* ou modernista que conviven sen reparo nin pudor con outros de procedencia neobarroca ou neoclásica. Este eclecticismo deu lugar a certos elementos decorativos nas fachadas, como as galerías en ferro fundido ou os mosaicos de azulexos sobre as consolidadas estruturas pétreas tradicionais, dunha grande elegancia e distinción estilística, unha caste de símbolos estéticos.
- *O emprego dunha vexetación (palmeiras, araucarias, magnolias...) que lembra o lugar onde se emigrou e se fixo máis ou menos fortuna e que trae a Galicia o exotismo das Américas, en contraste coas paisaxes da terra de orixe.*
- *A súa construción en solo galego por parte de migrantes retornados.*

Como exemplo do que non sería arquitectura indiana podemos sinalar esta casa denominada *A Torre de Laxe*. Aínda que polas súas características formais podería parecer indiana, non o sería, pois ergueuna un inmigrante portugués en Galicia, posibelmente imitando as casas dos brasileiros do seu lugar de orixe.



A Torre de Laxe. © Rebeca Blanco-Rotea

Se pensamos nestes *principios recoñecíbeis* en conxunto, xorde unha pregunta inevitábel: pódese establecer na Galicia actual un tipo identificábel como *arquitectura indiana*? A resposta sería ambigua ou negativa, mais, así e todo, os galegos e galegas temos clara a existencia en Galicia de manifestacións representativas dunha *arquitectura indiana*, nas que cada propietario decidiu dar vía libre aos seus gustos, traer elementos habituais en América considerados exóticos en Galicia e hibridalos coas formas arquitectónicas concretas —e tradicionais— dos diversos lugares de Galicia, mentres se incorporaban os movementos arquitectónicos das vangardas europeas. Ese *modus operandi* ao construírmos os lugares que nos representan, ao crearmos lugares identitarios, ten moito a ver coa propia realidade da emigración e coa conformación da identidade dos migrantes como persoas entre varios mundos, nas que se mesturan referentes e querenzas diferentes.

Nese sentido, o que precisamente representa a *arquitectura indiana* é ese concepto. Nela materialízase unha arquitectura representativa da hibridación, da mestizaxe e da inclusión. Na protección da arquitectura indiana debe significarse tamén a protección dun concepto representativo das identidades inclusivas e o recoñecemento da alteridade posta no mesmo chanzo que o propio, o fenómeno das migracións de retorno e a interacción entre Galicia e América, e entre Europa toda e as Américas, no pasado e no presente.



Ribadeo. Fonte: <https://indiano.ribadeo.org/arquitectura-indiana/> (consultado o 21/5/23)



O Pelourinho, Salvador de Bahia, O Brasil. © Rebeca Blanco-Rotea

En segundo lugar, e tendo en conta o fío argumental dos tres estudos incluídos neste informe e mais a análise da normativa e da lexislación realizada especificamente no estudo xurídico, consideramos preciso reforzar a actual protección que xa se expresa na letra e) do artigo 88.1 da LPCG, mediante o recoñecemento desas determinadas manifestacións da arquitectura indiana e tamén doutras manifestacións singulares do fenómeno indiano como *patrimonio etnolóxico*, no que «fican incluídos os bens que se consideran relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia, o que aglutina tanto os bens que a día de hoxe seguen a ter tal relevancia e expresión e son patrimonio vivo como tamén aqueles que son merecentes de protección porque foron portadores desa representación e son hoxe expresión testemuñal das manifestacións desaparecidas». Protexeríanse así «as manifestacións materiais e inmateriais da cultura indiana que perduran na actualidade», o que podería efectuarse «pola vía do artigo 91, como patrimonio etnolóxico, nos termos expostos [no estudo xurídico]».

Xaora, como recapitulación final, concluiríamos que as manifestacións singulares que deberían recoñecerse como patrimonio etnolóxico representativo do fenómeno indiano deberían ser as seguintes. Dunha banda, as manifestacións singulares

representativas conservadas da arquitectura indiana como *expresión material das migracións circulares e de retorno entre Galicia e América*; isto é, unha arquitectura resultante das migracións de retorno, promovida na terra de partida por migrantes galegos a América, cun estilo orgánico que xorde da hibridación entre a arquitectura do lugar de orixe e retorno desa emigración (Galicia) e a de destino (América) dos migrantes, restrinxida a un ámbito cronolóxico comprendido entre 1850 e 1950, que abrangue tanto a arquitectura residencial como aquela outra con fins educativos, sociais, sanitarios, lúdicos, industriais, urbanísticos e paisaxísticos, e que recolle as características ou principios recoñecíbeis xa nomeados da arquitectura indiana.

Doutra banda, conservaríanse outro tipo de manifestacións que deben terse en conta á hora de recoñecelas como patrimonio etnolóxico. Un elemento distintivo na arquitectura de indianos é entender a obra arquitectónica no seu conxunto: non só como continente, senón tamén no seu contido. Por iso, tanto a envolvente desta arquitectura como os elementos que contiña no seu interior deben terse en conta en materia de protección. Estes elementos son, fundamentalmente, os seguintes:

- O *mobiliario*, realizado expresamente para ser disposto no interior e nos exteriores destas arquitecturas, no que tamén estiveron presentes a hibridación de estilos, as vangardas e o exotismo.
- A *decoración interior*, que comparte tamén os mesmos principios: os papeis pintados, os azulexos, as cores nos estucados, as escadas de liñas onduladas e grande importancia expresiva, ou as pezas artísticas existentes nos interiores de vivendas, residencias, escolas etcétera.
- O *deseño paisaxístico*, tamén fundamental no propio proceso de construción das casas de indianos, pois insería unha vexetación que lembraba o lugar de destino e, de paso, traía a Galicia o exotismo de América, en contraste coas paisaxes e especies do lugar. Dese xeito, o territorio foise transformando con palmeiras, araucarias, ceibas, magnolias etcétera.
- A *documentación, tanto escrita como gráfica*, do proceso construtivo (planos, debuxos, documentos de compra, proxectos arquitectónicos...), así como o *patrimonio documental* (arquivos, xornais, cartas...). Trátase de materiais imprescindíbeis para a conservación da memoria das migracións.

II.7. Un camiño para accións futuras

As reflexións recollidas nos estudos incluídos neste informe poñen de manifesto a importancia desta arquitectura para recoñecer elementos identitarios da Galicia do presente, mais tamén a súa fragilidade. Por iso, parécenos da enorme importancia abrir a posibilidade de crear un grupo de traballo, impulsado dende Galicia, cos ollos postos

nun recoñecemento a maior escala deste tipo de patrimonio, que non só atinxe a Galicia, senón que é un fenómeno consecuencia das migracións de retorno que é común ao Bierzo, Asturias, Cantabria, o norte de Portugal e mais o País Vasco. Descoñecemos onde nos podería levar ese camiño, mais constituiría un vieiro interesante para explorar, tendo en conta así mesmo o actual impacto da inmigración no ámbito europeo. O pasado podería servir para comprendermos mellor e afrontarmos os desafíos do presente e do futuro que, neste caso, teñen a ver co fenómeno migratorio, sempre presente na nosa contemporaneidade. Quizabes o fenómeno da arquitectura indiana nos permita entender mellor moitos dos procesos de globalización que hoxe están desfigurando as nosas identidades patrimoniais.

PARTE III

APROXIMACIÓN AO RÉXIME XURÍDICO DE PROTECCIÓN CULTURAL DA ARQUITECTURA DE INDIANOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

María Isabel Novo Castro, Carmen M. Salgueiro Moreira e Santiago Valencia Vila

III.1. Introducción

Segundo resulta dos estudos en materia de historia e patrimonio da emigración e de arquitectura e paisaxe que se acaban de expoñer, en Galicia existe un legado cultural dos retornados da emigración americana que presenta características propias, froito da hibridación cultural, e que produciu cambios importantes no modo de vida e na paisaxe de moitas das nosas vilas. O chamado fenómeno *indiano* enmárcase neste informe nun contexto histórico concreto: dende a segunda metade do século XIX ata o fin da primeira metade do século XX.

Ao longo das seguintes páxinas analizarase o réxime xurídico de protección cultural da arquitectura de indianos na Comunidade Autónoma de Galicia.

III.2. Breve referencia ao marco competencial e normativo en materia de cultura

Dentro dos principios reitores da política social e económica, o artigo 44.1 da Constitución española (en diante CE) dispón que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito; pola súa banda, o artigo 46 da CE prevé que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que for o seu réxime xurídico e a súa titularidade, e engade que a lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio. O cumprimento destes mandatos constitucionais por parte dos poderes públicos efectuarase necesariamente operando cada un deles no seu respectivo ámbito competencial.

Unha vez sentado o anterior, a análise do réxime xurídico que, dende a perspectiva da protección cultural, sexa aplicábel á arquitectura de indianos en Galicia esixe partir dunhas consideracións xerais previas sobre o marco competencial e normativo en materia de cultura.

No que atinxe ás competencias autonómicas, é obrigado partir do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril (en diante EAG). Conforme os apartados 18 e 19 do seu artigo 27, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da CE; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma

e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de Belas Artes de interese para a Comunidade; e o fomento da cultura, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da CE.

Tamén dentro do título II do EAG, relativo ás competencias de Galicia, o artigo 32 prevé que corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego. A tal fin, e mediante lei do Parlamento, establece que se constituirá un Fondo Cultural Galego e o Consello da Cultura Galega.

En principio, a configuración estatutaria dunha competencia como exclusiva determina que corresponda á Comunidade Autónoma tanto o exercicio da potestade normativa (de rango legal e regulamentario) como as funcións executivas. Neste senso, o artigo 37.2 do EAG dispón que, nas materias da súa competencia exclusiva, corresponde ao Parlamento a potestade lexislativa nos termos previstos no Estatuto e nas leis do Estado ás que aquel se refire, mentres que corresponde á Xunta a potestade regulamentaria e a función executiva.

Ora ben, como se desprende do teor dos preceptos estatutarios citados, a devandita exclusividade competencial hase entender sen prexuízo da incidencia do exercicio, por parte do Estado, das súas competencias con proxección en materia cultural.

En efecto, no que atinxe ás competencias estatais neste ámbito, debe partirse de que, consonte o artigo 149.1.28 da CE, o Estado ten a competencia exclusiva en materia de defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e o espolio, e de museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas.

Porén, existe unha competencia estatal máis ampla en materia de cultura do que a derivada deste concreto título competencial. Así, o artigo 149.2 da CE prevé que, sen prexuízo das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, o Estado considerará o servizo da cultura como deber e atribución esencial e facilitará a comunicación cultural entre as comunidades autónomas, de acordo con elas. Sobre esta base, e como salientou o Tribunal Constitucional, débese afirmar a existencia dunha competencia concorrente do Estado e das comunidades autónomas en materia de cultura «con una acción autonómica específica, pero teniéndola también el Estado “en el área de preservación del patrimonio cultural común, pero también en aquello que precise de tratamientos generales o que haga menester esa acción pública cuando los fines culturales no pudieran lograrse desde otras instancias”» (STC 17/1991, do 31 de xaneiro).

Ao anterior únese que, malia seren eses os títulos competenciais estatais máis estreitamente conectados coa materia que nos ocupa, no eido cultural inciden tamén, en aspectos concretos, outras competencias estatais, nomeadamente as recollidas nas regras 1ª (condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio

dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais), 6ª (lexislación penal), 8ª (lexislación civil) e 18ª (bases do réxime xurídico das Administracións públicas e procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia das comunidades autónomas) do artigo 149.1 da CE.

En suma, estamos perante unha materia con proxección nunha pluralidade de títulos competenciais debido á súa complexidade. O propio Tribunal Constitucional recoñeceu que «la complejidad de lo que se denomina patrimonio histórico no siempre permite hallar en un solo título la habilitación de competencias» (STC 17/1991, do 31 de xaneiro). Ora ben, a mesma sentenza precisa: «No cabe sin embargo extender la competencia estatal a ámbitos no queridos por el constituyente, por efecto de aquella incardinación general del patrimonio histórico artístico en el término cultural, pues por esta vía se dejarían vacíos de contenido los títulos del bloque de la constitucionalidad que se limitan a regular una porción definida del amplio espectro de la misma».

Procede salientar que, para un correcto entendemento do alcance das competencias —estatais e autonómicas— en materia de cultura, é indispensábel ter en conta a doutrina sentada polo Tribunal Constitucional. O núcleo desta doutrina atópase recollido de xeito fundamental en dous pronunciamentos: a STC 17/1991, do 31 de xaneiro, e a STC 122/2014, do 17 de xullo. Trátase dunha doutrina que cabe entender aplicábel ao patrimonio cultural tanto material como ao inmaterial. Neste sentido, dos posteriores pronunciamentos do Tribunal Constitucional referidos especificamente ao patrimonio cultural inmaterial, contidos nas sentenzas 177/2016, do 20 de outubro, e 134/2018, do 13 de decembro, non se infire unha alteración da súa doutrina previa. Na mesma liña, o Ditame 673/2014 do Consello de Estado sobre o Anteproxecto de lei de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial parte, na análise dos títulos competenciais en xogo, daquela doutrina sentada nas SSTC 17/1991 e 122/2014.

A análise das competencias en materia de patrimonio cultural non sería completa sen aludir ás competencias locais. En relación con esta cuestión, procede partir de que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL), nas súas letras a) e m), inclúe a protección e xestión do patrimonio histórico e a promoción da cultura e equipamentos culturais na lista de materias en que os concellos exercerán competencias «propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas». Cómpre lembrar que, como advertiu o Tribunal Constitucional, o devandito precepto non é norma atributiva de competencias, senón que «identifica las materias dentro las que el municipio debe tener “en todo caso” competencias “propias” (art. 25.2 LBRL). Este artículo no atribuye competencias; introduce condiciones a la legislación que las confiera. La atribución en sentido estricto sigue correspondiendo a la legislación sectorial estatal y a las Comunidades Autónomas, cada cual en el marco de sus competencias [...] las materias enumeradas son solo un espacio dentro del cual los municipios deben disponer “en todo caso” de competencias

“propias”, sin prohibir que la ley atribuya otras en materias distintas» (STC 41/2016, do 3 de marzo). Terá que aterse, xa que logo, á correspondente lexislación sectorial, estatal e autonómica para coñecer as competencias atribuídas aos concellos neste eido.

Xunto ao anterior, a letra g) do artigo 27.3 da LBRL recolle, dentro das competencias que a Administración do Estado e a das comunidades autónomas poden delegar nos concellos, a relativa á xestión de instalacións culturais de titularidade da comunidade autónoma ou do Estado, con estrita suxeición ao alcance e condicións que derivan do artigo 149.1.28 da CE.

Pois ben, partindo deste contexto competencial, no que atinxe ao exercicio das competencias normativas, como principais normas estatais na materia cabe citar a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial. No ámbito autonómico, a norma legal de cabeceira é a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG). No que atinxe ás competencias executivas en materia de patrimonio cultural, as do Estado cabe cualificalas de residuais (neste sentido, o ditame do Consello de Estado 673/2014, xa citado).

Así, en relación cos bens integrantes do patrimonio cultural, o Tribunal Constitucional xa precisou que, como regra xeral, a competencia para a declaración dos bens de interese cultural é autonómica. Así, sinala a mesma STC 17/1991, antes citada: «La categoría legal de los bienes de interés cultural dentro del Patrimonio Histórico Español está integrada por los más relevantes del mismo, normalmente situados en alguna de las Comunidades Autónomas. Y a ellas, en cuanto la tengan asumida estatutariamente, debe corresponder la competencia para emitir su declaración formal, sin perjuicio de la del Estado en los supuestos singulares en que a éste le viene atribuida por la Constitución».

Polo tanto, os supostos en que tal competencia executiva corresponda ao Estado serán *singulares e excepcionais*, fundamentalmente pola súa conexión para o correcto exercicio de competencias materiais estatais. En particular, o Tribunal Constitucional admitiu a competencia estatal para efectuar a declaración no caso dos artigos 6.b) e 32.3 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, nos que a atribución da competencia executiva de declaración de ben de interese cultural vén dada quer por se tratar de bens «adscritos a servicios públicos gestionados por la Administración del Estado o que formen parte del Patrimonio Nacional», quer pola conexión coa competencia exclusiva estatal en materia de defensa contra a exportación (fundamentos xurídicos 8 e 17 da STC 17/1991).

Ten sinalado tamén o Tribunal Constitucional que a competencia autonómica se estende así mesmo á aplicación doutras figuras de protección, distintas da declaración de bens de interese cultural, para aqueles bens portadores de valores culturais de menor

relevancia —como sería o caso, na Comunidade Autónoma de Galicia, da catalogación de bens— (neste sentido, SSTC 122/2014 e 143/2017).

Así mesmo, por exemplo, a creación e regulación de rexistros, catálogos ou censos estatais hase de entender sen prexuízo da posíbel existencia de autonómicos (conforme o fundamento xurídico 12 da STC 17/1991).

En consecuencia, respectando os espazos residuais aos que se estende a competencia executiva estatal, poderase desprezar a actuación executiva, autonómica e tamén local, de protección do patrimonio cultural.

De todos os xeitos, é importante significar que dado que estamos, segundo o Tribunal Constitucional, perante una materia de carácter concorrente, a de cultura, as técnicas colaborativas e de cooperación sempre van ter unha importancia cualificada, o cal require que se explique o marco constitucional de tales principios.

O principio de colaboración ou cooperación non está expresamente recollido na Constitución, o que non impide a súa operatividade, como está pacificamente admitido polo Tribunal Constitucional (fundamento xurídico 14 da STC 18/1982). Para o intérprete constitucional a colaboración debe estar, con carácter xeral, baseada na voluntariedade do seu establecemento, aínda que recoñece supostos en que o seu establecemento se estima como necesario.

Resta por advertir que no exercicio das competencias, tanto estatais como autonómicas e locais, haberase de respectar o disposto nos convenios internacionais dos que o Estado español forme parte (artigo 96 da CE) e nas normas de dereito comunitario de aplicación.

III.3. Análise concreta do réxime xurídico de protección cultural da arquitectura de indianos na Comunidade Autónoma de Galicia

Logo de examinar, en liñas xerais, o marco competencial e normativo de referencia, procede entrar xa na análise concreta do réxime xurídico de protección que, dende unha perspectiva estritamente cultural, é aplicábel á arquitectura de indianos na Comunidade Autónoma de Galicia.

III.3.1. A protección da arquitectura de indianos dende a perspectiva do patrimonio arquitectónico

Fronte á ausencia de toda referencia expresa ao fenómeno indiano e ás súas manifestacións na normativa estatal e na doutras comunidades autónomas en materia de patrimonio cultural (como excepción pode citarse a mención feita na disposición adicional oitava da Lei 1/2001, do 6 de marzo, do patrimonio cultural de Asturias, en

xeral, ao fenómeno migratorio⁵, ou, noutro plano, a existencia en Cataluña da Rede de Municipios Indianos⁶), a LPCG contén unha referencia expresa ao fenómeno indiano. Esta atópase, en concreto, na letra e) do seu artigo 88.1, precepto situado sistematicamente dentro do capítulo II do título VII da lei, relativo aos «Bens que integran o patrimonio arquitectónico».

Así, logo de sinalar o artigo 87.1 da lei que «[p]ara os efectos desta lei, integran o patrimonio arquitectónico os inmobles e os conxuntos destes, e as obras da arquitectura e da enxeñaría histórica ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural e sexan testemuño dunha época histórica ou dos cambios na forma de entendela», o artigo 88, titulado «Contido do patrimonio arquitectónico», dispón:

1. Para os efectos do establecido no artigo anterior, presúmese que concorre un significativo valor arquitectónico, para a súa inclusión neste capítulo, nos seguintes bens: [...]

e) Os edificios relevantes da arquitectura ecléctica, modernista, racionalista, do movemento moderno ou característico da complexa sucesión de movementos e tendencias arquitectónicas que percorren o período das primeiras vangardas e o movemento moderno durante o século XX ata 1965, incluída a arquitectura de indianos. Para a consideración do seu valor cultural, os inmobles deben evidenciar, total ou parcialmente, os principios recoñecibles do seu estilo arquitectónico de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa.

⁵ Sinala esta disposición:

Disposición adicional oitava. Cultura oral e memoria social e artística.

Atendendo á especial natureza e situación de risco do patrimonio cultural asturiano, representado a través dos arquivos e documentación dos grupos artísticos e das asociacións culturais, da memoria das persoas, das súas vivencias e testemuños da nosa cultura tradicional e historia social e política recente, como a industrialización, o desenvolvemento do movemento obreiro, ou a inmigración e emigración, deseñárase de forma urxente un plan específico de investigación e conservación dos ditos testemuños.

Así mesmo, atendendo á natureza efémera de diferentes expresións artísticas, especialmente o teatro pero tamén outras polas súas características de instantaneidade, procurará, coa colaboración dos creadores, a preservación das devanditas manifestacións a través dos soportes adecuados, posibilitando a súa conservación e coñecemento. Neste sentido, estableceranse as medidas e recursos necesarios.

Nesta comunidade autónoma tamén cabe citar o Decreto 64/2013, do 28 de agosto, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, a vila de Colombres, no concello de Ribadedeva. Segundo se indica neste decreto, Colombres é unha das «localidades asturianas donde más impronta ha dejado el fenómeno de los indianos». Sobre esta vila, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso, do 21 de decembro de 2011, recurso 211/2018, expresa: «Todo ello por el interés arquitectónico y paisajístico de las mismas como parte de la imagen tradicional del pueblo asturiano de Colombres, cuya nota característica diferencial respecto de otros se afirma en la presencia en la escena urbana de casas singulares y jardines a los que las Normas Subsidiarias dan en calificar con el término de “casas de indianos” por su época, arquitectura de reminiscencia colonial, calidad del arbolado de sus jardines y valor arquitectónico».

⁶ <https://www.municipisindians.cat/>

O devandito precepto, polo tanto, recolle unha presunción legal de concorrencia dun «significativo valor arquitectónico» dos «edificios relevantes» da arquitectura de indianos e engade que, para a consideración do seu valor cultural, cómpre que se trate de inmóbeis que evidencien, total ou parcialmente, os principios recoñecíbeis do estilo arquitectónico da arquitectura de indianos «de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa».

Esta presunción legal do valor arquitectónico de determinados bens inmóbeis abre o paso á súa protección material e efectiva, para o cal será preciso:

- 1) Unha delimitación previa de cales poden ser considerados *principios recoñecíbeis* do estilo arquitectónico da arquitectura de indianos, cuestión eminentemente técnica que reborda o obxecto da nosa análise, estritamente xurídica. Simplemente cómpre indicar que nas partes I e II deste informe se expuxeron características da arquitectura indiana e o seu contexto social. Ademais, en ambas as dúas partes se deixou constancia dos cambios que os retornados a Galicia inseriron na vida cotiá e nas dinámicas sociais das poboacións ás que regresaron, dende a aparición do saneamento nos fogares ata mudanzas na paisaxe, elementos que poderían servir de base ou terse en conta na dita delimitación.
- 2) A posterior identificación daquelas manifestacións inmóbeis do fenómeno indiano que reúnan os elementos previstos no precepto. Isto é, que, dunha banda, evidencien «total ou parcialmente, os principios recoñecíbeis do seu estilo arquitectónico de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica» e que, doutra banda, xunto ao anterior, posúan «unha dimensión social significativa» (advírtese que o emprego do termo «ademais» no precepto determina que este último sexa un requisito acumulativo, isto é, adicional ao anterior).

Logo da devandita identificación, os bens (os de «carácter máis sobranceiro», ex artigo 8.2 da LPCG) poderán ser declarados bens de interese cultural pola Administración autonómica e tendo en conta as excepcións, antes vistas, respecto das concorrencia de competencias estatais.

Os restantes bens integrantes dese patrimonio arquitectónico que posúan as características do artigo 88 serán protexidos mediante a súa catalogación, xa sexa a través da súa inclusión nos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, xa sexa a través do procedemento establecido para o efecto na LPCG.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso, do 11 de marzo de 2022, recurso 4018/2021, lembra, precisamente no caso dunha casa indiana,

que o valor cultural ten relevancia administrativa por si mesma, máis alá da urbanística: «las autorizaciones en materia de patrimonio cultural responden, necesariamente a la defensa de un bien jurídico protegido y con características ,por tanto, diferenciable en la ordenación urbanística dentro de un Ayuntamiento, en este caso en su procedencia de la arquitectura tipo ‘indiano’ con características diferenciadas».

Como conclusión deste apartado cabe sinalar, polo tanto, que a LPCG establece unha presunción de concorrencia dun significativo valor arquitectónico para os efectos de integrar no concepto de patrimonio arquitectónico do artigo 87 os edificios *relevantes* da arquitectura de indianos, e recolle os elementos que na aplicación da lei se han de ter en conta para a consideración do valor cultural dos inmóbeis, ao esixir que estes «deben evidenciar, total ou parcialmente, os principios recoñecibles do seu estilo arquitectónico de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa». Xa que logo, para que poida aplicarse o precepto, a lei impón a esixencia dunha determinación, en relación coa arquitectura de indianos, dos principios recoñecíbeis do estilo arquitectónico como paso previo necesario para, a seguir, identificar aqueles inmóbeis que evidencien, total ou parcialmente, os ditos principios nos termos expostos.

Feita esa determinación e identificación, os correspondentes inmóbeis poderán ser declarados bens de interese cultural ou incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (como bens catalogados). En principio, da letra e) do artigo 88.1. da LPCG non se desprende a incardinación dos inmóbeis aos que se refire necesariamente nunha ou noutra categoría, polo que haberá que estar a cada caso concreto, segundo poidan ser considerados como bens cun «carácter máis sobranceiro no ámbito da Comunidade Autónoma» (bens de interese cultural, conforme o artigo 8.2 da LPCG) ou cun «notable valor cultural» (bens catalogados, conforme o artigo 8.3 da LPCG).

III.3.2. Posíbel protección da arquitectura de indianos dende a perspectiva do patrimonio etnolóxico

O feito de que a lei amente a arquitectura de indianos especificamente no ámbito do patrimonio arquitectónico, como acabamos de analizar, non debe entenderse en termos excluíntes. Isto é, esta mención expresa non é óbice para que certas manifestacións da arquitectura indiana poidan gozar de protección cultural dende perspectivas diferentes da estritamente arquitectónica.

Sobre esta base, singularmente, estímase que a dimensión histórica e social do fenómeno indiano —que se aborda nos estudos expostos neste informe⁷— podería levar

⁷ Así, por exemplo, no estudo histórico sinalase que «[a]queles migrantes que retornaban ao medio rural arriquecidos, ou cando menos cunha mellora notábel da súa posición social, construían un tipo de vivenda nova (a quinta indiana), adoito sobredimensionada, con materiais novos

a apreciar a presenza dun elemento etnolóxico que determinase, pola súa vez, que certas manifestacións que perduran da arquitectura indiana puidesen ser consideradas como bens integrantes do patrimonio etnolóxico, e iso malia a falla de mención expresa ao fenómeno indiano no artigo 91 da LPCG.

En relación con estouta perspectiva de protección da arquitectura indiana, procede partir de que o recoñecemento de manifestacións da arquitectura como patrimonio etnográfico foi recollido en diversos textos internacionais, en normas estatais, en instrumentos de xestión do patrimonio⁸ e mais na normativa autonómica.

A diferenza da lexislación estatal, a LPCG non trata de etnografía senón de *etnoloxía*, talvez un termo máis amplo que permite a comparanza da realidade cultural galega coa propia doutras comunidades autónomas. En concreto, é o aludido artigo 91 o que se ocupa de definir o patrimonio etnolóxico. Este precepto, nos seus dous primeiros apartados, dispón o seguinte:

1. Para os efectos desta lei, integran o patrimonio etnolóxico de Galicia os lugares, bens mobles ou inmoables, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas

[...], comodidades modernas e vistosos xardíns que habían facer salientar eses edificios singulares sobre as máis funcionais e austeras casas labregas da contorna». Pola súa banda, no estudo sobre arquitectura e paisaxe sinalase que a arquitectura indiana é complexa e froito da hibridación de moitos estilos, con mestura de tradición e modernidade, porque non só importou a arquitectura de América, senón que trouxo con esa importación os elementos doutras arquitecturas europeas previamente levados a América. Por iso, a súa hibridación é de alto alcance. Así mesmo, sinalase que os cambios non se produciron só na arquitectura residencial, senón tamén naquela con fins educativos, sociais, sanitarios, lúdicos, industriais, urbanísticos e paisaxísticos. Alúdese mesmo á importación dun novo tipo de ordenamento espacial urbano propiamente americano, no que desempeñou un papel moi importante todo o relativo ao saneamento, espazo viario e alumbeamento, que foron claves no desenvolvemento urbano e na mellora das condicións de vida da Galicia da época. Polo tanto, a complexidade do fenómeno da migración de retorno non fica coutada á arquitectura que debe contextualizarse co fenómeno indiano, senón que se trata dun feito que abrangue moitas máis manifestacións que son testemuño dese período da historia de Galicia. Son, polo tanto, patrimonio etnolóxico.

⁸ Así, o Plan Nacional de Conservación do Patrimonio Cultural do Século XX, definido este como «o conxunto de bens mobles e inmoables, creacións artísticas e sistemas de sociabilidade que se enmarcan cronoloxicamente entre 1901 e 2000, e que se recoñecen como manifestacións do progreso na ciencia, a política, a economía, a cultura e a sociedade do pasado século, no seu contido, a súa técnica e a súa materialidade. A súa conservación e preservación contribúe á comprensión da historia, os avances tecnolóxicos e sociais, así como outros fenómenos producidos neste espazo de tempo. Sendo a diversidade e a complexidade dúas características propias de todo o patrimonio cultural, o patrimonio do século XX presenta como reto engadido a súa proximidade temporal, que evidencia aínda máis a súa condición heteroxénea e a súa capacidade de transcendencia. A isto únese a súa abondosa variedade, baseada na asociación con sistemas industriais de produción, así como en atoparse ao servizo das necesidades dunha sociedade de masas en continuo crecemento. A vinculación da historia do século XX ao concepto de progreso implica recoñecer a transcendencia cultural da obsolescencia, considerada como consecuencia inevitábel do positivismo entendido como un proceso evolutivo, que serviu de acicate ao desenvolvemento tecnolóxico e industrial ligado á sociedade de consumo».

Dentro dos seus contidos, e concretamente como parte da arquitectura, o urbanismo e a enxeñaría civil, atópanse as seguintes tipoloxías:

- Bens inmóbeis: edificios e conxuntos edificados, intervencións urbanas, barrios, cidades, paisaxes e obras de infraestrutura.
- Bens móbeis, incluídos e vencellados aos devanditos inmóbeis: mobiliario deseñado para a súa integración nos edificios; obras artísticas concebidas para a súa integración na arquitectura; instrumentos, ferramentas e medios auxiliares de construción, e arquivos de arquitectura e enxeñaría, incluída toda a información relativa aos proxectos (memorias, planos e maquetas, rexistros fotográficos e audiovisuais).
- Bens inmateriais, xerados nos procesos de migración e desenvolvemento territorial do pasado século.

transmitidas por tradición, que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia.

2. A declaración ou catalogación dun ben etnolóxico de carácter inmaterial poderá incluír a protección dun ámbito territorial vinculado a el, así como a dos bens mobles ou inmobles que se lle asocien.

Procede salientar que na definición legal de patrimonio etnolóxico fican incluídos os bens que se consideran relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia, o que aglutina tanto os bens que no día de hoxe seguen a ter tal relevancia e expresión e son patrimonio vivo como tamén aqueles que son merecentes de protección porque foron portadores desa representación e son hoxe expresión testemuñal das manifestacións desaparecidas⁹.

Así, no apartado terceiro sinálase:

3. Para os efectos da súa posible declaración de interese cultural ou catalogación presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens sempre que conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade:

- a) Os hórreos, os cruceiros, as cruces de mortos, as de termo e os petos de ánimas.
- b) As construcións tradicionais de cuberta vexetal como as pallozas e os chozos característicos das serras galegas.
- c) Os batáns e os muíños de río, de mareas ou de vento tradicionais, incluída a infraestrutura hidráulica necesaria para o seu funcionamento.
- d) As fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de carácter tradicional.
- e) As ferrarías, as telleiras, os talleres artesanais e os fornos de cal, cerámicos ou de pan de uso comunal, de carácter tradicional.
- f) Os camiños reais, as pontellas tradicionais e as eiras de mallar de carácter comunal, sempre que conserven de forma suficiente a súa traza, aspecto, carácter, formalización e pavimento tradicionais.
- g) As alvarizas, as neveiras, as pesqueiras ou gamoas e os foxos de lobo.
- h) Os recintos de feira, os santuarios tradicionais, os quioscos de música e as carballeiras de uso público ou consuetudinario relacionado co tempo de lecer e a celebración festiva de carácter tradicional.
- i) As fábricas de salgadura, as carpintarías de ribeira e as embarcacións tradicionais do litoral e dos ríos de Galicia.

⁹ Nesta liña pódese citar a Ortiz Sánchez 2023.

E conforme o apartado cuarto do mesmo precepto:

4. As presuncións establecidas no punto anterior poden ser obxecto de revisión en función da situación e características do ben. Do mesmo modo, poderá recoñecérselles un significativo valor etnolóxico a bens non incluídos no punto anterior sempre que así se determine despois dun estudo pormenorizado.

Pois ben, como se adiantou antes, segundo os estudos recollidos neste informe, poderían existir argumentos para soste a presenza dun elemento etnolóxico que determinase que certas manifestacións do fenómeno indiano puidesen ser protexidas como patrimonio etnolóxico, ao abeiro do precepto transcrito, como manifestacións que perduran daquel fenómeno. Neste senso, cabe advertir que, aínda que tales manifestacións non se recollen na enumeración do apartado terceiro do precepto, esa enumeración non é pechada, como o demostra o feito de que o apartado cuarto recolla expresamente o posíbel recoñecemento dun significativo valor etnolóxico a bens non incluídos no apartado terceiro, sempre que así se determine despois dun estudo pormenorizado. Esta, pois, podería ser outra vía xurídica para que, xunto á protección como patrimonio arquitectónico *ex* artigo 88.1.e) da LPCG expresamente prevista, certas manifestacións do fenómeno indiano (e non só as manifestacións consistentes en bens inmóbeis) puidesen ser protexidas.

O anterior enténdese sen prexuízo de que o lexislador autonómico, de o estimar oportuno e no exercicio das súas competencias en materia de patrimonio cultural antes abordadas, puidese decidir efectuar unha modificación do artigo 91 da LPCG co fin de recoller un recoñecemento expreso do valor etnolóxico de determinadas manifestacións do fenómeno indiano.

Por último, nótese que, como se apuntou antes, a protección xurídica como patrimonio etnolóxico determinaría que tal protección poida outorgarse non só a manifestacións inmóbeis (como no caso do patrimonio arquitectónico), toda vez que o artigo 91.1 alude de xeito máis amplo a «lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición». En suma, a protección das manifestacións materiais e inmateriais da cultura indiana que perduran na actualidade podería efectuarse pola vía do artigo 91, como patrimonio etnolóxico, nos termos expostos¹⁰.

¹⁰ En relación con esta cuestión, e segundo o sinalado nas partes I e II, poderían incluírse, sempre que cumpran cos requisitos do artigo 91 da LPCG, por exemplo, mobiliario indiano, xardíns e mesmo elementos documentais como planos e memorias arquitectónicas, fotografías etcétera.

A posíbel protección como patrimonio etnolóxico tamén é coherente, como se avanzou antes, coa normativa estatal e con instrumentos internacionais e comunitarios.

Así, no que atinxe á lexislación estatal, a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, despois de incluír dentro do patrimonio histórico español os inmóbeis e obxectos móbeis de interese etnográfico, dedica o seu título VI ao patrimonio etnográfico e establece no artigo 46 que forman parte do patrimonio histórico español «os bens mobles e inmobles e os coñecementos e actividades que son ou foron expresión relevante da cultura tradicional do pobo español nos seus aspectos materiais, sociais ou espirituais». Inclúese así tanto o patrimonio vivo como as expresións testemuñais de manifestacións pasadas.

A posíbel protección das manifestacións do fenómeno indiano, non só dende unha perspectiva arquitectónica, senón tamén etnolóxica, implica unha visión integrada do patrimonio, atendendo ao contexto e mais á realidade social á que as ditas manifestacións están vencelladas. As convencións internacionais presentan esa visión integradora. Así, podemos amentar a Declaración de Ámsterdam (21-25 de outubro de 1975):

A nosa sociedade deberá, en breve prazo, renunciar ao patrimonio arquitectónico e aos sitios que constitúen o seu marco tradicional de vida, se non se pon en marcha con urxencia unha nova política de protección e conservación integrada deste patrimonio. O que importa protexer hoxe son as cidades históricas, os barrios urbanos antigos e as cidades de tradición, comprendidos os parques e xardíns históricos. A protección destes conxuntos arquitectónicos non pode ser concibida máis que dende unha perspectiva global, tendo en conta todos os edificios que teñen valor cultural, dende os máis prestixiosos aos máis modestos, sen esquecer os da época moderna, así como o marco en que se inscriben. Esta protección global completará a protección puntual dos monumentos e sitios illados.

O significado do patrimonio arquitectónico e a lexitimidade da súa conservación son agora mellor percibidos. Sábese que a preservación da continuidade histórica do medio ambiente é esencial para a conservación ou creación dun marco de vida que permita ao home atopar a súa identidade e experimentar un sentimento de seguridade fronte ás mutacións brutais da sociedade: un novo urbanismo trata de volver atopar os espazos pechados, a escala humana, a interpretación das funcións e a diversidade sociocultural que caracterizan os tecidos urbanos antigos. Pero descóbrense tamén que a conservación dos edificios existentes contribúe á economía dos recursos e á loita contra o malgasto, unha das grandes preocupacións da sociedade contemporánea. Demostrouse que os edificios antigos poden recibir novos usos, dando resposta ás necesidades da vida contemporánea. A isto engádese que a conservación recorre a artistas e artesáns moi cualificados cuxo talento e saber facer deben ser mantidos e transmitidos. Finalmente, a rehabilitación do hábitat existente contribúe a reducir a invasión de terreos agrícolas e permite evitar ou atenuar sensiblemente os desprazamentos da poboación, o que constitúe un beneficio social moi importante da política de conservación.

Aínda que, por todas estas razóns, a lexitimidade da conservación do patrimonio arquitectónico preséntese hoxe cunha forza nova, é necesario fundamentala sólida e definitivamente; debe, pois, dar lugar a investigacións de carácter fundamental e estar incluída en todos os programas de educación e de desenvolvemento cultural.

Tamén a Carta do Patrimonio Vernáculo Construído (*Charter on the Built Vernacular Heritage*, 1999) define o patrimonio vernáculo como «o xeito natural e tradicional en que as comunidades produciron o seu propio hábitat», e reivindica e protéxeo fronte á crecente homoxeneización da cultura e a globalización socioeconómica, que poñen en risco este tipo de estruturas extremadamente vulnerábeis. Esta Carta ratifica os principios xerais de conservación que foran propostos pola Carta de Patrimonio Vernáculo Construído de Xerusalén (1996). A maiores, a Carta de Cracovia (2000) reivindica a recuperación da memoria histórica que contén o patrimonio edificado e concibe o acto da restauración como un proceso de coñecemento.

A nivel europeo, cabe citar a Resolución do Parlamento do 8 de setembro de 2015 e mais o Ditame do Comité das Rexións de novembro de 2014, que ratifica as pautas marcadas pola Comisión Europea na súa Comunicación do 22 de xullo de 2014, «Cara a un enfoque integrado do patrimonio cultural europeo»¹¹.

De xeito máis recente, cabe citar o informe sobre a Nova Bauhaus Europea do 19 de xullo do 2022, que, insistindo na visión integradora do patrimonio cultural e en liña co

¹¹ Sinala:

Patrimonio cultural e identidade

11. Salienta que o patrimonio cultural constitúe unha pedra angular na identidade local, rexional, nacional e europea. A súa conservación e protección, así como o reforzo da identidade social a nivel local e rexional, son elementos fundamentais para a sostibilidade, que garantirán a conservación dos valores europeos para as xeracións vindeiras e a continuidade das tradicións e os coñecementos. O patrimonio cultural está centrado na sociedade e desempeña un papel de primeira orde na loita contra a pobreza e a exclusión social xa que é unha fonte de desenvolvemento económico e de cohesión social. Ao mesmo tempo, familiarizarse co patrimonio cultural a nivel rexional e local debería estar incluído en todos os programas de estudos do ensino formal.

12. destaca que os valores culturais locais —a creación artística, literaria, audiovisual e arquitectónica; o traballo creativo; a cultura contemporánea; o artesanado; o folclore; o patrimonio arqueolóxico, histórico, relixioso e etnográfico; os dialectos; a música; os alimentos e a gastronomía; as particularidades paisaxísticas e naturais; a experiencia e os saberes tradicionais; o saber facer; as tradicións vivas; etc.— están estreitamente leados á identidade, arraigada no patrimonio material, inmaterial e natural das comunidades.

O Comité lembra que o desenvolvemento da cultura a nivel local fortalece a identidade dunha cidade ou rexión, así como o seu carácter propio; e a combinación, desde o respecto mutuo, das diferentes identidades axuda a construír o patrimonio cultural común. Os produtos culturais así creados xeran un valor local único. Estes factores culturais tamén son importantes a nivel europeo.

14. sinala que a protección do patrimonio cultural contribúe ao desenvolvemento dun sentimento de identidade sensibilizando aos cidadáns sobre os valores patrimoniais, fomentando un sentimento de pertenza, promovendo conceptos de valorización dos espazos públicos, e sobre o feito de apreciálos.

Isto pode contribuír a desenvolver unha asociación social e colaboracións público-privadas, mentres que a conservación permanente do patrimonio cultural pode crear postos de traballo e fomentar a economía social. Neste sentido, considera relevante o intercambio de experiencias existentes noutros Estados en materia de inventario e protección global do patrimonio local.

previsto nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel da Axenda 2030 da ONU e da Axenda Urbana Europea, insta os Estados membros a crear equipos públicos de arquitectos para asesorar as autoridades, promover a calidade espacial e mellorar o deseño e sostibilidade dos proxectos públicos, e alenta a que poñan en marcha mecanismos de apoio normativo e fiscal para a mellora enerxética e a renovación de edificios existentes que sexan mais sólidos e que teñan en conta o patrimonio inmaterial e a cultura dos edificios.

III.4. Conclusións

Do ata aquí exposto pódense extraer as seguintes conclusións:

- 1) Segundo resulta das partes I e II deste informe, en Galicia existe un legado cultural dos retornados da emigración americana que presenta características propias, froito da hibridación cultural, e que induciu mudanzas importantes na paisaxe, na vida cotiá e nas mentalidades e evolución sociopolítica de moitas das aldeas, vilas e cidades de orixe. O chamado fenómeno indiano enmárcase neste informe nun contexto histórico concreto: dende a segunda metade do século XIX ata o fin da primeira metade do século XX.
- 2) A análise do réxime xurídico que, dende a perspectiva da protección cultural, sexa aplicábel á arquitectura de indianos na nosa comunidade autónoma esixe partir do marco competencial e normativo en materia de cultura.
- 3) No que respecta ás competencias autonómicas, o artigo 27, apartados dezaioito e dezanove, do EAG inclúe a competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da CE; arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal; conservatorios de música e servizos de Belas Artes de interese para a Comunidade; e o fomento da cultura, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da CE. Ademais, o artigo 32 prevé que corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

No que atinxe ás competencias estatais, xunto coa competencia exclusiva en materia de defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e o espolio, e de museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas (artigo 149.1.28 da CE), sobre a base do artigo 149.2 da CE debe afirmarse a existencia dunha competencia concorrente do Estado e das comunidades autónomas en materia de cultura. Ademais, no ámbito cultural inciden tamén, en aspectos concretos, outras

competencias estatais, singularmente as recollidas nas regras 1ª, 6ª, 8ª e 18ª do artigo 149.1 da CE.

Por último, no ámbito local, o artigo 25.2 da LBRL, nas súas letras a) e m), inclúe a protección e xestión do patrimonio histórico e a promoción da cultura e equipamentos culturais na lista de materias en que os concellos exercerán competencias propias «nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas».

Estamos, así, perante unha materia con proxección nunha pluralidade de títulos competenciais debido á súa complexidade.

- 4) Dende a perspectiva normativa, como principais normas estatais na materia cabe citar a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial. No ámbito autonómico, a norma legal de cabeceira é a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

No que atinxe ás competencias executivas en materia de patrimonio cultural, as do Estado cabe cualificalas de residuais. Respectando, en consecuencia, os espazos residuais aos que se estende a competencia executiva estatal, poderase despregar a actuación executiva, autonómica e tamén local de protección do patrimonio cultural.

É importante destacar que, ao atopármonos —segundo o Tribunal Constitucional— perante una materia de carácter concorrente (a de cultura), as técnicas colaborativas e de cooperación sempre van ter unha importancia cualificada.

En todo caso, no exercicio das competencias, tanto estatais como autonómicas e locais, haberase de respectar o disposto nos convenios internacionais dos que o Estado español forme parte (artigo 96 da CE), así como nas normas de dereito comunitario de aplicación.

- 5) Partindo do marco competencial e normativo de referencia apuntado, a lexislación galega permite a protección, como patrimonio arquitectónico, das edificacións relevantes da arquitectura indiana nos termos da letra e) do artigo 88.1 da LPCG.

Para que poida aplicarse este precepto é preciso determinar, en relación coa arquitectura de indianos, os principios recoñecíbeis do estilo arquitectónico como paso previo necesario para, posteriormente, identificar aqueles inmóbeis que evidencien, total ou parcialmente, eses principios «de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa».

Nas partes I e II deste informe achéganse elementos que poderían servir de base ou terse en conta para estes efectos.

Unha vez feita esa determinación e identificación, os correspondentes inmobles poderán ser declarados de interese cultural ou incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (como bens catalogados).

- 6) Xunto ao anterior, dada a dimensión social e histórica do fenómeno indiano na nosa comunidade autónoma posta de manifesto nos estudos técnicos contidos neste informe, existirían argumentos para soste a presenza dun elemento etnolóxico que podería determinar a posíbel protección de certas manifestacións do devandito fenómeno como patrimonio etnolóxico, ao abeiro do artigo 91 da LPCG.

Así, na definición de patrimonio etnolóxico que recolle este precepto inclúense os bens que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia, o que aglutina tanto os bens que no día de hoxe seguen a ter tal relevancia e expresión e son patrimonio vivo como tamén aqueles que son merecentes de protección porque foron portadores desa representación e son hoxe expresión testemuñal das manifestacións desaparecidas.

A protección xurídica como patrimonio etnolóxico determinaría que tal protección poida outorgarse non só a manifestacións inmóbeis (como no caso do patrimonio arquitectónico), toda vez que o artigo 91.1 da LPCG alude de xeito máis amplo a «lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición».

Do anterior resulta que a protección de certas manifestacións materiais e inmateriais da cultura indiana que perduran na actualidade podería efectuarse pola vía do artigo 91 da LPCG, como patrimonio etnolóxico, nos termos previstos no precepto.

A posíbel protección como patrimonio etnolóxico tamén é coherente coa normativa estatal e con instrumentos internacionais e comunitarios.

- 7) A falla de mención expresa a tales manifestacións no artigo 91 da LPCG non sería óbice para esa protección, tendo en conta os termos do seu apartado cuarto, sen prexuízo de que o lexislador autonómico, no exercicio das súas competencias, poida modificar aquel precepto legal co fin de recoller unha referencia expresa a esas manifestacións.

IV. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS FINAIS

Primeira. En Galicia existe un legado cultural dos retornados das migracións transoceánicas que presenta características propias, froito da hibridación cultural, e que induciu cambios relevantes na paisaxe, na vida cotiá, nas mentalidades e na evolución sociopolítica de moitas das aldeas, vilas e cidades de orixe. Trataríase do comunmente denominado fenómeno *indiano*, o impacto sociopolítico, cultural e paisaxístico das migracións de retorno en Galicia.

Segunda. A lexislación galega permite a protección, como patrimonio arquitectónico, das edificacións relevantes da arquitectura indiana nos termos da letra e) do artigo 88.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Para que poida aplicarse este precepto é preciso determinar, en relación coa arquitectura de indianos, os principios recoñecíbeis do estilo arquitectónico como paso previo necesario para, posteriormente, identificar aqueles inmóbeis que evidencien, total ou parcialmente, eses principios de forma relevante pola calidade do seu proxecto, espacial ou construtiva, a súa singularidade estética ou a súa representatividade tipolóxica, ademais de posuír unha dimensión social significativa.

Neste informe achéganse elementos que poderían servir de base ou terse en conta para estes efectos.

Feita esa determinación e identificación, os correspondentes inmóbeis poderán ser declarados de interese cultural ou incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (como bens catalogados). Neste labor procede salientarse o papel importante que debe desenvolverse tanto dende a Administración autonómica como dende os concellos (neste último caso, en especial, mediante a incorporación das edificacións relevantes da arquitectura de indianos nos correspondentes instrumentos de planeamento urbanístico).

Terceira. Xunto co anterior, dadas as dimensións sociais e históricas das migracións transoceánicas de retorno en Galicia postas de manifesto nos estudos contidos neste informe, existirían argumentos para soste a presenza dun elemento etnolóxico que podería determinar a posíbel protección de certas manifestacións do devandito fenómeno como patrimonio etnolóxico, ao abeiro do artigo 91 da LPCG.

Así, na definición de patrimonio etnolóxico que recolle este precepto legal inclúense os bens que se consideren relevantes ou expresión testemuñal significativa da identidade, a cultura e as formas de vida do pobo galego ao longo da historia, o que abrangue tanto os bens que no día de hoxe seguen a ter tal relevancia e expresión e son patrimonio vivo como tamén aqueles que son merecentes de protección porque foron

portadores desa representación e son hoxe expresión testemuñal das manifestacións desaparecidas.

A protección xurídica como patrimonio etnolóxico determinaría que esa protección poida outorgarse non só a manifestacións inmóbeis (como no caso do patrimonio arquitectónico), toda vez que o artigo 91.1 da LPCG alude de xeito máis amplo a «lugares, bens mobles ou inmobles, as expresións, así como as crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición».

Do anterior resulta que a protección de certas manifestacións materiais e inmateriais da cultura indiana que perduran na actualidade podería efectuarse pola vía do artigo 91 da LPCG, como patrimonio etnolóxico, nos termos previstos nese precepto.

Cuarta. A falla de mención expresa ás manifestacións do fenómeno indiano no artigo 91 da LPCG non sería óbice para a protección de certas manifestacións deste fenómeno como patrimonio etnolóxico, tendo en conta os termos do seu apartado cuarto, sen prexuízo de que o lexislador autonómico, no exercicio das súas competencias, poida modificar aquel precepto legal co fin de recoller unha referencia expresa a esas manifestacións.

Quinta. A importancia do fenómeno indiano en Galicia podería levar ao impulso de liñas de actuación ou estratexias xunto con outros territorios peninsulares (dende o norte de Portugal ata o País Vasco) que compartan este fenómeno, con vistas a unha posíbel protección de maior alcance que o estritamente autonómico.

V. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACEBO PENCO, A. (2016): *El régimen jurídico del patrimonio cultural. Aproximación doctrinal, legal y jurisprudencial a sus mecanismos privados*, Madrid, Dykinson.
- AGUILAR CRIADO, E. (1999): *El patrimonio etnológico. Nuevas perspectivas*, Sevilla, Junta de Andalucía / Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico.
- ÁLVAREZ KOKI, F. (2017): *Na sombra do Tegra*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- ANATOL SEOANE, B. / C. ARDÁ SUÁREZ (2000): *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos: Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos*, s. l., Concello de Ares / Concello de Mugar dos / Xunta de Galicia.
- BORES GAMUNDI, F. (coord.) (2009): *Casas de indianos. Pontevedra*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- CASTRO GARCÍA, O. (2000a): «Arquitectura doméstica indiana en Galicia. Los autores de los proyectos arquitectónicos», en C. Fontenla / M. Silva (eds.), *Galicia-Cuba: un patrimonio cultural de referencias y confluencias*, Sada, Edición do Castro, 63-69.
- CASTRO GARCÍA, O. (2000b): «Arquitectura doméstica indiana en Galicia», en B. Anatol Seoane / C. Ardá Suárez, *Indianos. Arquitectura da emigración na península de Bezoucos: Ares, Cabanas, Fene e Mugar dos*, s. l., Concello de Ares / Concello de Mugar dos / Xunta de Galicia, 13-19.
- ERIAS MORANDEIRA, A. (2007): «La casa de doña Águeda: construcción, destrucción y reconstrucción teórica de una casa de indianos en Betanzos», *Anuario Brigantino*, 30, 423-460.
- FERNÁNDEZ LIESA, C. R. / J. J. PRIETO DE PEDRO / F. VACAS FERNÁNDEZ / P. ZAPATERO MIGUEL (2009): *La protección jurídico internacional del patrimonio cultural. Especial referencia a España*, Madrid, Colex.
- FIDALGO CASARES, M. (2009): «As casas indianas do Baixo Miño», en F. Bores Gamundi (coord.), *Casas de indianos. Pontevedra*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 13-28.
- FONTENLA, C. / M. SILVA (eds.) (2000): *Galicia-Cuba: un patrimonio cultural de referencias y confluencias*, Sada, Edición do Castro.
- IGLESIAS VEIGA, X. R. (2001): «Indianos e arquitectura no Porriño», *Malladoura*, 0, 11-19.
- IGLESIAS VEIGA, X. R. (2013a): *Arquitectura e indianos na cidade de Vigo e bisbarra*, Vigo, Instituto de Estudos Vigueses.
- IGLESIAS VEIGA, X. R. (2013b): «Redondela: emigración e arquitectura 1850-1950», *Boletín do Seminario de Estudos Redondeláns*, 7, 71-111.

- LIZANCOS MORA, P. (2000): «A aventura americana na conformación da vivenda e outras arquitecturas de Galicia. Percorrido histórico», en C. Fontenla / M. Silva, *Galicia-Cuba: un patrimonio cultural de referencias y confluencias*, Sada, Edicións do Castro, 37-46.
- LIZANCOS MORA, P. (2003): *Migracións, sociedade e arquitectura: o caso galego*, A Coruña, Universidade da Coruña.
- LLONCH MOLINA, N. / J. SANTACANA MESTRE (2016): *El patrimonio cultural inmaterial y su didáctica*, Xixón, Trea Ediciones.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B. (2001): «Os “retornados de acción” en Ferrolterra (1904-1936)», *Estudios Migratorios*, 11-12, 233-254.
- MONTEIRO, M. (2000): *Migrantes, emigrantes e brasileiros (1834-1926)*, Fafe, Universidade do Minho / ICS.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia, 1900-1930*, Vigo, Edicións Xerais.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (ed.) (2001): *Perspectivas sobre a emigración de retorno en Galicia e España*, monográfico da revista *Estudios Migratorios*, 11-12.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2005): «Otras miradas a la historia de la emigración gallega: sobre cartas, memorias y fotos», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 58, 483-503.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2013): «Überseeische Rückwanderung und sozialer Wandel in Spanien und Portugal, 1850-1960: Ein Forschungsbilanz», *Zeitschrift für Agrargeschichte und Agrarsoziologie*, 60:1, 62-83.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2014): *Las patrias ausentes. Estudios sobre historia y memoria de las migraciones ibéricas (1850-1960)*, Oviedo, Genuve Ediciones.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. (2017): «Private Correspondence and Migration History: Some Reflections and Examples from Iberian Galicia», *Cultural History*, 6:2, 164-189.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M. / R. SOUTELO VÁZQUEZ (2005): *As cartas do destino: unha familia galega entre dous mundos, 1919-1971*, Vigo, Galaxia.
- ORTIZ SÁNCHEZ, M. (2023): *El derecho del patrimonio etnológico material e inmaterial. En especial su delimitación*, Sevilla, Universidad de Sevilla.
- RODRÍGUEZ, A. / C. CASALENGUA / A. MARTÍNEZ (2019): *El patrimonio mundial cultural, natural e inmaterial de España*, Madrid, McGraw-Hill / Interamericana de España.
- RODRÍGUEZ DACAL, C. / M. RODRÍGUEZ GARCÍA-GARABAL (2012): «O mundo verde de Villa Honorata, casa indiana modélica lamesa», *A Pedreira*, 10, 11-34.
- RODRÍGUEZ PAZ, D. (2010): «La torre de los Moreno en Ribadeo: un ejemplo singular de la arquitectura indiana en Galicia», *Anuario Brigantino*, 33, 377-392.

- SOUTELO VÁZQUEZ, R. (2001): *De América para a casa: Correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai (1916-1969)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R. (2012): *Emigración, cambio social e politización na Galicia rural: 1880-1960. Unha perspectiva local e microsocia*. [Tese de doutoramento]. Vigo, Universidade de Vigo.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R. / M. X. VÁZQUEZ LOJO (2017): *Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América: evolución da poboación, economía e dinámicas sociopolíticas locais (1880-1960)*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- TÁBOAS VELEIRO, T. (1999): *Emigración e arquitectura. Os brasileiros*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra.
- VILLA ÁLVAREZ, J. M. (2009): «Casas indianas no Baixo Miño: A Guarda e O Rosal», en F. Bores Gamundi (coord.), *Casas de indianos. Pontevedra*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 29-58.
- VILLA ÁLVAREZ, J. M. (2017a): «O patrimonio artístico da Guarda», en F. Álvarez Koki, *Na sombra do Tegra*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 15-33.
- VILLA ÁLVAREZ, J. M. (2017b), «Casas indianas no Concello da Guarda», en F. Álvarez Koki, *Na sombra do Tegra*, Pontevedra, Deputación de Pontevedra, 149-191.

VI. ANEXO

ÍNDICE DE XURISPRUDENCIA

Tribunal Constitucional

- STC 18/1982: 4-05-1982 PUBLICACIÓN-BOE: 18-05-1982 [«BOE» núm. 118]
STC 17/1991: 31-01-1991 PUBLICACIÓN-BOE: 25-02-1991 [«BOE» núm. 48]
STC 122/2014: 17-07-2014 PUBLICACIÓN-BOE: 15-08-2014 [«BOE» núm. 198]
STC 41/2016: 3-03-2016 PUBLICACIÓN-BOE: 08-04-2016 [«BOE» núm. 85]
STC 177/2016: 20-10-2016 PUBLICACIÓN-BOE: 25-11-2016 [«BOE» núm. 285]
STC 143/2017: 14-12-2017 PUBLICACIÓN-BOE: 17-01-2018 [«BOE» núm. 15]
STC 134/2018: 13-12-2018 PUBLICACIÓN-BOE: 15-01-2019 [«BOE» núm. 13]

Tribunal Supremo

TS, Sala do Contencioso, do 21/12/2011, rec. 211/2008

Tribunais Superiores de Xustiza

- TSX Cataluña, Sala do Contencioso, núm. 991/2009, do 30/09/2009, rec. 18/2007
TSX Galicia, Sala do Contencioso, núm. 370/2020, do 30/06/2020, rec. 4148/2018
TSX Galicia, Sala do Contencioso, núm. 111/2022, do 11/03/2022, rec. 4018/2021

TEXTOS INTERNACIONAIS

- Convención sobre a protección do patrimonio mundial, cultural e natural. Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, na súa 17ª reunión realizada en París dende o 17 de outubro ata o 21 de novembro de 1972. Dispoñíbel en: <https://whc.unesco.org/archive/convention-es.pdf>
- Declaración de Ámsterdam. Consello de Europa (21-25 de outubro, 1975). Dispoñíbel en: <https://icomos.es/wp-content/uploads/2020/01/19.DECLARACIONDEAMSTERDAM1975.pdf>
- Carta do Patrimonio Vernáculo Construído de Xerusalén (1996) e Carta do Patrimonio Vernáculo Construído, ratificada pola 12 Asemblea Xeral do ICOMOS en México do 17 ao 24 outubro de 1999 (Charter on the Built Vernacular Heritage). Dispoñíbel en: https://www.iaph.es/export/sites/default/galerias/patrimonio-cultural/documentos/gestion-informacion/CARTA_DEL_PATRIMONIO_VERNxCULO_CONSTRUIDO.pdf

Carta de Cracovia, 26-10-2000. Principios para a conservación e restauración do patrimonio construído. Dispoñíbel en: https://www.iaph.es/export/sites/default/galerias/documentacion_migracion/Documento_PC/1267693158625_ph50-114.pdf

Resolución do Parlamento do 8 de setembro de 2015 e Ditame do Comité das Rexións de novembro de 2014, ratificando as pautas marcadas pola Comisión Europea na súa Comunicación do 22 de xullo de 2014, «Cara a un enfoque integrado do patrimonio cultural europeo». Dispoñíbel en: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=CELEX%3A52014DC0477>

Axenda 2030 da ONU (25-09-2015) para o desenvolvemento sostible. Dispoñíbel en: <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/2015/09/la-asamblea-general-adopta-la-agenda-2030-para-el-desarrollo-sostenible/>

Informe Nova Bauhaus Europea do 19 de xullo do 2022. Dispoñíbel en: https://www.europarl.europa.eu/doceo/document/A-9-2022-0213_ES.html

Axenda Urbana europea aprobada no Pacto de Ámsterdam nunha reunión informal de Ministros de Desenvolvemento Urbano da UE o 30 de maio do 2016. Dispoñíbel en: https://ec.europa.eu/regional_policy/sources/policy/themes/urban-development/agenda/pact-of-amsterdam.pdf

ÍNDICE NORMATIVO

Constitución Española de 1978

Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Lei 9/1993, do 30 de setembro, do patrimonio cultural catalán

Lei 1/2001, do 6 de marzo, do patrimonio cultural de Asturias

Lei 3/2006, do 18 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Cantabria

Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Lei 11/2019, do 25 de abril, de patrimonio cultural de Canarias

Lei 6/2019, do 9 de maio, de patrimonio cultural vasco



Decretos de declaración como bens de interese cultural

Decreto 104/1997, do 13 de abril, pola que se declara ben de interese cultural A Torre dos Moreno no municipio de Ribadeo, Lugo

Decreto 64/2013, do 28 de agosto, polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, a vila de Colombres, no concello de Ribadedeva

Instrumentos de xestión do patrimonio

Plan Nacional de Conservación do Patrimonio Cultural do Século XX. Dispoñíbel en: <https://www.cultura.gob.es/planes-nacionales/dam/jcr:fafab665-7e31-4da9-b897-180d8fd0eb0d/06-maquetado-patrimoniocultural-sxx.pdf>

Plan Nacional de Arquitectura Tradicional. Dispoñíbel en: <https://www.cultura.gob.es/planes-nacionales/planes-nacionales/arquitectura-tradicional.html>